A watercolor illustration of a young boy with brown hair, wearing a pink shirt and blue shorts, sitting on the grass and reading a large book. He is positioned under a large, leafy green tree with a thick brown trunk. The background is a light green wash.

Proposta didáctica
para educación primaria (3º ciclo),
educación secundaria obrigatoria
e bacharelato

EXPOSICIÓN

**Unha árbore de historias:
Cen anos de literatura infantil
e xuvenil en galego**



**XUNTA
DE GALICIA**

XUNTA
DE GALICIA

EDITA

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
Dirección Xeral de Cultura
Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro

DIRECTOR XERAL DE CULTURA

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

COORDINADOR

Biblioteca de Galicia

AUTORES

María José Caamaño Rojo
Isabel Fernández López
Zósimo López Pena

Santiago de Compostela, 2023

© Dos textos: as autoras e o autor

© Ilustración do cartel: Federico Fernández

MAQUETACIÓN Fausto Deseño Asociados

DEPÓSITO LEGAL C 365-2022

Proposta didáctica


para educación primaria (3º ciclo),
educación secundaria obrigatoria
e bacharelato

EXPOSICIÓN

**Unha árbore de historias:
Cen anos de literatura infantil
e xuvenil en galego**



XUNTA
DE GALICIA



1. Introducción

Antes de nada, quixeramos darche a benvinda á exposición «Unha árbore de historias: cen anos de literatura infantil e xuvenil en galego». A mostra pódese visitar na Biblioteca de Galicia ata o 31 de maio de 2023. Para todos aqueles que non poidan desfrutala presencialmente, a exposición está dispoñible de xeito virtual no URL:

http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/202211/

O documento que estás a ler é o resultado dun proceso feito con rigor e agarimo por profesionais da Didáctica da Lingua e a Literatura que amamos a literatura galega en xeral e particularmente a orientada a un destinatario infantil e xuvenil. A misión máis importante que queremos levar a cabo con este recurso é que sirva como ferramenta para preparar a visita á exposición, xa sexa presencial ou virtualmente, acompañar o seu percorrido e afianzar logo na aula as aprendizaxes adquiridas con ela. En definitiva, procuramos que o teu alumnado poida descubrir, afondar e namorar de xeitos de contar historias tan engaiolantes que o inoculen para sempre do benquerido vicio de ler e sexan lectoras e lectores de por vida. Aí é nada!

A exposición presenta, loxicamente, unha relación directa coa área de Lingua Galega e Literatura, mais tamén ofrece posibilidades de conexión coas restantes materias de natureza lingüístico-literaria, ou mesmo con outras áreas, como as vencelladas ás expresións culturais e artísticas ou as pertencentes ao eido dos estudos historiográficos. En consecuencia, esta proposta didáctica favorece unha aproximación ampla á cultura, a cal incide na relación continua entre o pasado e o presente. Nela ofrécense orientacións para a implementación de procesos e estratexias relacionadas coa aproximación á historia da literatura infantil e xuvenil galega e en galego nun período que abarca dende 1922 ata 2022. Debido a que ese eixo cronolóxico é o que enfía a exposición, ter en conta o contexto sociohistórico, cultural e artístico será fundamental para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. Debido precisamente ás múltiples competencias que se abordan coa proposta, pode considerarse non só a súa inclusión na programación da materia ou departamento, senón tamén noutros documentos de xestión do centro escolar como pode ser o Plan de Biblioteca, o Plan de Lectura ou o Proxecto Lingüístico de Centro.

Outro dos alicerces sobre os que se artella esta proposta didáctica é a coeducación. Resulta evidente que a exposición, dado o seu carácter diacrónico, reflicte unha clara descompensación entre autores e autoras propia do devir da sociedade galega dende 1922 ata a actualidade. Porén, este desequilibrio debe aproveitarse para reflexionar co alumnado sobre cal foi, é e será o papel das autoras na literatura infantil e xuvenil galega e en galego, e así se recolle na proposta, onde non só se ofrecen pautas para guiar este debate, senón que tamén se propoñen algunhas actividades específicas centradas en obras de autoría feminina.

2. Obxectivos xerais

O obxectivo principal que se quere acadar con esta proposta didáctica é que o alumnado e o profesorado das diferentes etapas do noso sistema educativo descubran e coñezan un patrimonio literario en galego concibido para o disfrute dun abano de idades anteriormente desatendido pola produción editorial galega. Só por medio deste coñecemento se poderá valorar e promover o patrimonio literario de Galicia, e, deste xeito, contribuír á súa conservación e ao incremento da súa presenza no contexto dun mundo globalizado e dixital. Esta proposta pretende axudar a afianzar os hábitos de lectura como medio de desenvolvemento persoal, así como axudar a coñecer e valorar criticamente os contextos sociohistóricos nos que estas obras foron concibidas. Isto implica tamén axudar a construír un imaxinario colectivo propio dende a literatura infantil e xuvenil galega e ter en conta a súa evolución como sistema literario de seu.

3. Como utilizar esta proposta didáctica?

A proposta vai dirixida a tres etapas educativas distintas: educación primaria (terceiro ciclo), educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Malia tratarse dun único documento cun substrato pedagóxico común, o amplo abano de idades dos destinatarios ao que vai dirixido determina que cada unha das partes que o conforman presente a súa especificidade en función da etapa educativa á que corresponde. Porén, a estrutura da proposta é a mesma para as tres etapas educativas: ofrécense actividades para realizar antes da visita presencial ou virtual á exposición, outras para seren realizadas durante a visita e outras pensadas para despois, xa de volta na aula.

Outro eixo constante a toda a proposta é a flexibilidade na configuración das actividades, cuxos formatos poden acomodarse moi facilmente á realidade de cada contexto educativo. Ademais, están configuradas para poder realizarse tanto de maneira secuencial como de xeito illado, pois teñen moita autonomía para que cada docente poida escoller e/ou adaptar as que mellor lle conveñan. Así mesmo, parécenos pertinente mencionar que, na maior parte dos casos, as actividades non están centradas en obras literarias específicas, senón que están pensadas para realízalas con calquera das obras presentes nesta exposición. Dada a adaptabilidade das actividades, incluso naquelas centradas nunha ou varias obras concretas, cabería a posibilidade de aplicalas tamén a outros textos semellantes por xénero ou temática. A pretensión é que o profesorado teña a posibilidade de vencellar as actividades aquí propostas ao maior número posible das obras que constitúen esta árbore de historias. Precisamente por iso, non sempre se atendeu de xeito prioritario á franxa de idade recomendada para algunhas das lecturas, senón que estas se tomaron como punto de partida ou chegada para a realización da actividade. A nivel metodolóxico, na proposta non se establecen criterios específicos de avaliación, mais as actividades formuladas para realizar con posterioridade á visita poden servir como índice do grao de aproveitamento da mesma.

Ao partillar con vós esta proposta pretendemos, fundamentalmente, que sexa útil para a aprendizaxe, sinxela de aplicar e divertida tanto para o profesorado coma para o alumnado que visite presencial ou virtualmente «Unha árbore de historias: cen anos de literatura infantil e xuvenil en galego».

Educación primaria

TERCEIRO CICLO

■ NA AULA: PREPARAMOS A VISITA

Proposta 1. Asemblea inicial: a onde imos?

Proposta 2. As nosas árbores de historias

■ NA EXPOSICIÓN: UN PERCORRIDO DE IDA E VOLTA

O camiño de ida: parolando entre libros

O camiño de volta: apañando froitos literarios

■ NA AULA DE NOVO: LECTURA E CREACIÓN

Proposta 1. Ás voltas coas árbores

Proposta 2. Expodrama

Proposta 3. De faladoiro

Proposta 4. Lombopoetas

A exposición, polas súas dimensións e configuración, resulta máis acaída para o alumnado de maior idade de educación primaria, concretamente o de 5º e 6º curso, isto é, o terceiro ciclo da etapa, ao que diriximos esta primeira parte da proposta didáctica.

Atendendo ao grao de desenvolvemento cognitivo, físico e emocional da rapazada de entre dez e doce anos, artellamos un conxunto de actividades que pretende dar resposta a tres aspectos básicos: espertar o interese cara á exposición, realizar a visita de xeito dinámico e interactivo, de maneira que o alumnado poida descubrir a historia da LIX galega dun xeito lúdico, e afianzar o aprendido trala visita mediante a lectura e a escrita creativa.

Propóñense, polo tanto, dúas actividades para preparar a visita, un dobre percorrido pola exposición (o primeiro guiado polo profesorado con paradas estratéxicas para conversar sobre as distintas etapas da mostra, e un segundo a modo de xincana literaria por equipos na que a rapazada deberá atopar diversos froitos literarios nesa fraga de historias) e catro actividades finais para sintetizar e interiorizar os coñecementos adquiridos e, sobre todo, afianzar o hábito lector e a competencia literaria. Malia que a proposta presenta unha secuenciación determinada, o deseño das actividades permite a súa realización de maneira illada e independente, sen necesidade de formaren parte do conxunto ao completo, para que o profesorado teña liberdade para elixir as que considere máis acaídas para o seu contexto educativo.

Na aula: preparamos a visita

Proposta 1. Asemblea inicial: a onde imos?

Presentación

Malia que poida parecer moi obvio, non sempre se contextualiza axeitadamente unha saída escolar. Porén, falarmos previamente na aula sobre o lugar que imos visitar, realizar unha pequena investigación sobre ese espazo e mesmo consensuar como debemos actuar nel, ademais de motivar ao alumnado cara á visita, implica activar múltiples competencias e, en última instancia, achega a saída escolar ás dinámicas habituais da vida cotiá fóra da aula.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX 6 (referido á busca e tratamento da información).

b | Obxectivos específicos

1. Buscar información sobre o lugar que imos visitar.
2. Elaborar consensuadamente unhas directrices de actuación para a saída.
3. Xerar unhas expectativas positivas cara á visita.

Desenvolvemento

- Informamos ao alumnado sobre a visita que imos realizar: unha exposición sobre literatura infantil e xuvenil galega na Biblioteca de Galicia.
- En gran grupo e a ser posible en semicírculo ou en "u", para que poidamos vernos entre nós, formulamos preguntas para activar os coñecementos previos dos que partimos:
Fostes algunha vez á Biblioteca de Galicia? E á Cidade da Cultura? Coñecedes Santiago de Compostela? (Damos a quenda de palabra primeiro ás persoas que respondan negativamente para que poidan facer hipóteses sobre eses espazos e o que podemos atopar neles. Logo, será a quenda das persoas que coñecen algún deles para que acheguen a información que lembren).
Fostes algunha vez a unha exposición? Se é así, de que era? Que vos imaxinades que pode haber nesta exposición que imos ver?
- En pequenos grupos consultamos en Internet información sobre Santiago de Compostela, a Cidade da Cultura, a Biblioteca de Galicia e a exposición *Unha árbore de historias* (dous grupos para cada espazo). Contrastamos oralmente a información recompilada polos diferentes grupos e recolleemos por escrito unha síntese cos aspectos que consideremos máis relevantes para organizar a nosa saída.
- Oralmente e en gran grupo consensuamos unhas normas básicas para a realización da visita presencial: material necesario, hora de saída, hora de chegada, normas de comportamento na biblioteca e noutros posibles lugares de interese que pretendamos visitar, teléfonos de contacto... Unha vez consensuadas, recóllense por escrito e poden plastificarse para poder levalas no peto ou penduradas do pescozo o día da saída.

Material complementario

- Páxina web da Cidade da Cultura:
<https://www.cidadedacultura.gal/>
- Páxina web do Concello de Santiago:
<http://santiagodecompostela.gal/>
- Páxina web da Biblioteca de Galicia:
<https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/>
- Páxina web exposicións virtuais BdG:
http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/

Áreas coas que se poden establecer conexións

- Ciencias Sociais.
- Educación Plástica e Visual.

Proposta 2. As nosas árbores de historias

Presentación

Esta actividade pretende introducir ao alumnado no contido da exposición, vencellándoa coas súas propias biografías lectoras. Parte da metáfora sobre a que se artella a exposición, unha árbore de historias (*Cen anos de literatura infantil e xuvenil en galego: unha árbore de historias*), e o que se pretende é que o alumnado elabore a súa propia árbore literaria e a compare coa das súas compañeiras e compañeiros, e incluso tamén coa das súas familias.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 2 (referido á comprensión de textos orais e multimodais).
2. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
3. OBX 7 (referido ao fomento do hábito lector).
4. OBX 8 (referido ao desenvolvemento da competencia literaria).

b | Obxectivos específicos

1. Reflexionar sobre a biografía literaria propia e colectiva.
2. Xerar unhas expectativas positivas no alumnado, aproximando o contido da exposición ás súas propias vivencias como lectoras e lectores.

Desenvolvemento

- Propoñemos ao alumnado a elaboración da súa árbore de historias. Para facelo, ofrecémoslle unha lámina na que confeccionará unha árbore a partir das seguintes preguntas-guía:
 - *Lembras cal foi o primeiro libro en galego que liches? (escribe o título na semente)*

- *Cal é o libro en galego máis importante para ti ou o que máis te marcou? (escribe o título no tronco)*
- *Lembras algún título de teatro, poesía ou banda deseñada en galego? (escribe os títulos nas pólas)*
- *Cal é o último libro en galego que liches? (escribe o título na follaxe)*
- *Tes algún libro en galego pendente de ler? (escribe o(s) título(s) nos froitos)*

- Pode aproveitarse a actividade para practicar diferentes técnicas plásticas na elaboración das árbores.
- Expoñemos as láminas formando un mural na aula. Observámolas e comparamos oralmente as nosas árbores literarias para observar en que aspectos coincidimos e en cales non. Deixámolas expostas na aula para comparalas logo da saída coa árbore de historias que veremos na exposición.
- Tamén podería ser moi interesante, dado o carácter diacrónico da exposición, contrastar as árbores do alumnado coas das súas familias. Se o facemos, é importante indicarlles que nos referimos a obras de LIX (Literatura Infantil e Xuvenil).

Material que se ofrece

- Lámina para elaborar as árbores.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica e Visual.
- Lingua Castelá e Literatura.

Na exposición: un percorrido de ida e volta

A proposta que describimos a continuación artéllase como un percorrido de ida e volta: un camiño inicial co gran grupo e a docente, e un camiño final cos discentes en pequenos grupos. Para a ida ofrécense unha serie de “paradas” nas diferentes fases da exposición con suxestións para conversar co alumnado arredor do visto ata o momento, mentres que a volta artéllase a modo de xincana literaria con propostas de actividades dirixidas á procura de diferentes materiais nas vitrinas da exposición. Os dous camiños son complementarios, mais cada docente pode escoller realizar ámbolos dous ou só un deles segundo o tempo co que conte, os recursos dos que dispoña ou seu propio criterio pedagóxico.

Os obxectivos curriculares son comúns a ámbolos dous percorridos, pois están centrados na educación literaria e no traballo coas destrezas orais e escritas. Indícanse a continuación como xerais a toda esta fase da proposta.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 2 (referido á comprensión de textos orais e multimodais).
2. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
3. OBX 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
4. OBX 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
5. OBX 7 (referido ao fomento do hábito lector).
6. OBX 8 (referido ao desenvolvemento da competencia literaria).

b | Obxectivos específicos

1. Involucrar ao alumnado na visita á exposición.
2. Coñecer a historia da LIX galega.

O camiño de ida: parolando entre libros

Primeira parada: os inicios (VITRINAS 1-2)

- Fixémonos nas tres primeiras vitrinas da exposición: a semente, a escuridade e o tronco. A semente e o tronco son partes fundamentais desta árbore de historias. Na primeira está a resposta a por que a exposición se chama *Cen anos de literatura infantil e xuvenil galega...* Sabedes cal é?
- E o tronco? Cal é o libro-tronco desta árbore de historias? Coñeciádelo? Cando cheguedes á casa, ides preguntarlles ás vosas familias se o coñecían. Fixádevos agora nos nomes das persoas que fixeron os debuxos destas vitrinas: Castelao e Díaz Pardo. De que vos soan estes nomes?
- E a vitrina negra? Fixádevos que nin sequera ten número... E por que credes que ten esa cor e esa forma diferente ás demais?

Segunda parada: a árbore comeza a medrar (VITRINAS 3-4)

- Fixémonos nestas pólas laranxas desta árbore de historias: son as pólas da poesía por un lado, e dos contos e do teatro por outro. Seguramente vos soen algúns dos nomes dos escritores que aquí aparecen: Manuel María e Carlos Casares. E incluso saberedes de memoria algúns versos do primeiro... lembrades?
- Que vos parecen os títulos do conto e a peza teatral de Carlos Casares, *A galiña azul* e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*? Son ben curiosos, non sí? Se non os lestes, que historia credes que pode haber detrás deses títulos? Fixádevos nas ilustracións, que quizais vos dean algunha idea...

Terceira parada: de onde ven a luz? (VITRINAS 5-6)

- Estas dúas vitrinas de cor amarelo representan a luz que vai facer que das pólas empecen pouco a pouco a agromar a follaxe e os froitos. Hai dous tipos de luz nestas dúas vitrinas: as mestras escritoras e as traducións ao galego de obras clásicas da literatura infantil universal, que supuxeron un gran pulo para a consolidación da literatura infantil e xuvenil en galego. Seguramente destas últimas coñecedes moitas: cal delas lestes?
- Imaxínade que algunha das vosas mestras escribise un conto para vós. Como credes que se titularía?

Cuarta parada: o agromar (VITRINAS 7-10)

- Estas catro vitrinas abranguen doce anos (1985 a 1997), e nelas podedes observar catro grandes fitos para o desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil galega, un en cadansúa vitrina: o reto da banda deseñada, a xeración Lamote, a narrativa xuvenil e a poesía que bebe da tradición oral.
- Fixémonos na vitrina dedicada á banda deseñada. Seguramente a moitas e moitos de vós vos gusta este xénero, verdade? Os que podedes ver na vitrina son os primeiros exemplos de banda deseñada para a infancia e a xuventude feitos en galego. Son moi diferentes dos que ledes vós? Fixádevos nese caderno con debuxos orixinais de Fausto Isorna... imaxinabades así o proceso de creación dunha banda deseñada?
- Que é iso da xeración Lamote? Por que credes que se deu en chamar así? Coñecedes outras xeracións?
- A narrativa xuvenil quizais nos quede aínda un pouco grande, mais... cal dos libros que se expoñen nesa vitrina vos chama máis a atención, cal vos apetecería ler e por que?
- Imos agora coa poesía... Hai algo nesta selección de libros que chama bastante a atención: fixádevos nos nomes de quen os escribiu. Hai máis homes ou máis mulleres? Era o habitual nas vitrinas anteriores? Que conclusións podemos tirar disto?

Quinta parada: follaxe (VITRINAS 11-14)

- Esta parada abrangue catro vitrinas moi verdes, que representan a follaxe, é dicir, un dos momentos de maior expansión da literatura infantil e xuvenil. É pois, moi probable, que coñezades moitos dos libros que nelas se expoñen, pois son publicacións relativamente recentes, de entre 1998 e 2013.
- A primeira das vitrinas denomínase “A revolución dos Golfinhos”. Como explicades este título? Se tiverades que escoller unha das series de banda deseñada que se expoñen na vitrina, cal sería a vosa elección e por que?
- A segunda vitrina céntrase nun tipo de libros que ata o de agora non viamos. Fixádevos ben neles: que teñen de diferente? Sabedes como se lles denomina? E lestes de pequenas e pequenos algún destes álbums? Cal lembrades con máis agarimo? A min particularmente encántame...
- Mirade o título desta terceira vitrina verde: “A literatura dramática tamén se leva aos escenarios”. Que quere dicir iso? As ilustracións que aparecen nesta vitrina son coma as anteriores? Gústavos ir ao teatro? Ides con frecuencia? Aquí tamén se destaca un nome, neste caso de muller... Coñecédela?
- Na última vitrina desta parada, dedicada a “Unha narrativa que segue a innovar”, atopamos un escritor que xa aparecera antes... decatádesvos de quen é? Por que aparece aquí de novo?

Sexta parada: froitos (VITRINAS 15-18)

- Esta é a última parada, a dos libros máis recentes (2013-2022): son case da vosa mesma idade! A primeira vitrina está dedicada de maneira practicamente íntegra a un libro que seguro que moitas e moitos de vós coñezades: *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Leticia Costas. Fixádevos no proceso de ilustración da capa, como cambia dende as primeiras fases! Ademais, esta é a única vitrina que contén un obxecto que non é un libro, un caderno, unha revista ou unha fotografía. Por que credes que está aí ese obxecto?
- A segunda vitrina denomínase “A poesía rebelde”. Rebelde por que? Fixádevos nos títulos e as capas dos poemarios incluídos e quizais vos dean algunha idea...
- A forma das dúas últimas vitrinas acáelle á perfección ao molde dos libros que se inclúen nelas. Xa vimos antes libros destes... lembrades? Só que agora semellan un pouco diferentes... Se os comparamos con *O coelliño branco*, *A cebra Camila* ou *Titiritesa*, podemos observar diferenzas, verdade? Fixádevos nos temas que abordan, na idade das lectoras e lectores aos que se dirixen ou ás formas e materiais que presentan. Seguro que algún dos que aí figuran o coñecedes, e mesmo poderíamos rematar cantando! Animámosnos?

O camiño de volta: apañando froitos literarios

Despois deste camiño conversando sobre a exposición, propoñemos outro de volta a modo de xincana literaria no que, por equipos, o alumnado realice unha ducia de retos para apañar todos os froitos literarios que poida desta fraga de historias.

Os doce retos recóllense no anexo I e as solucións para as mestras e mestres nos anexos II e III. Cómpre salientar que se tentou que, na medida do posible, as obras escollidas para “apañar” fosen axeitadas para o ciclo e a etapa educativa á que se dirixe esta proposta, de xeito que logo da visita puidesen ser obxecto de lectura e análise na aula. Así mesmo, incluíronse varios retos vencellados á literatura escrita por mulleres, en resposta á perspectiva coeducativa na que se insire esta proposta didáctica.

O obxectivo principal desta xincana literaria é que o alumnado poida gozar da exposición dun xeito lúdico ao tempo que adquire coñecementos sobre a historia da literatura infantil e xuvenil galega, os diferentes xéneros literarios que a conforman, a influencia dos premios na constitución deste sistema literario e mesmo os elementos materiais que artellan a configuración dunha exposición. Enuméranse, polo tanto, a seguir, os obxectivos específicos deste camiño de volta:

a | Obxectivos específicos

1. Interactuar coa exposición dun xeito lúdico.
2. Coñecer algunhas das principais obras representativas dos diferentes xéneros da literatura infantil e xuvenil galega.
3. Coñecer algúns dos premiados e premiadas da literatura infantil e xuvenil galega.
4. Coñecer os elementos materiais que poden formar parte dunha exposición.

Inicio: recomendacións para formar os equipos

Suxerimos partir do propio cartel da exposición, en cuxa árbore se acubillan unha morea de personaxes da LIX galega, para conformar os equipos da xincana literaria. Trátase de que individualmente cada discente identifique todos os personaxes que coñece da ilustración do cartel. En función disto, formaríanse equipos cooperativos de catro ou cinco membros, entre os que se inclúa alumnado que identificase un número elevado de personaxes (en principio, con maior hábito lector), e outro que identificase poucos (quizais menos afeccionados á lectura), para tratar de formar grupos equilibrados. Por suposto, o coñecemento que o profesorado ten sobre os hábitos lectores do seu alumnado pode ser empregado para formar os equipos sen necesidade de recorrer a esta estratexia. Sería interesante tamén que cada equipo escollese un nome identificativo relacionado con algunha das obras ou escritores e escritoras presentes na exposición.

Unha ducia de retos: anexos I-III

Unha vez formados os equipos, proporcionáselles a cada un a ducia de retos incluídos no anexo I. Cada reto superado debe ser comunicado polo equipo á docente, que marcará positivamente os logros conseguidos (pode comprobar a solución a cada reto nos anexos II e III). O equipo que consiga superar a ducia de retos en menos tempo será quen gañe a xincana literaria. Cómpre que cada docente teña pensado un pequeno premio para as integrantes do equipo (non ten que ser material, pode ser mesmo tomar algunha decisión relacionada coa saída).

Tendo en conta que nos atopamos nunha biblioteca, a xincana debe realizarse asumindo as pautas de comportamento propias deste espazo, e mesmo a docente pode penalizar aos equipos que non as respecten.

Final: como foi a colleita?

Máis alá dos resultados da xincana, que á fin é unha escusa para tomar contacto coa exposición dun xeito lúdico, sería interesante rematar a visita cunha asemblea co conxunto do grupo na que se faga fincapé nalgúns cuestións como poden ser as que a seguir se indican:

- Que foi o que máis vos gustou da exposición?
- Botastes en falta algún libro ou outro material complementario que esperariades atopar?
- Con que aprendizaxe da exposición vos quedades?
- Que libro da exposición vos gustaría ler?

Na aula de novo: lectura e creación

Proposta 1. Ás voltas coas árbores

Presentación

Esta actividade está pensada para sintetizar os contidos da exposición e vincularlos á propia biografía literaria elaborada polo alumnado antes da visita.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX 7 (referido ao fomento do hábito lector).
4. OBX 8 (referido ao desenvolvemento da competencia literaria).

b | Obxectivos específicos

1. Sintetizar os contidos principais da exposición.
2. Comprender a metáfora que artella a exposición e plasmala empregando a linguaxe plástica e visual.
3. Comparar as producións propias coas das compañeiras e reflexionar sobre as semellanzas e diverxencias.
4. Comparar a árbore de historias da exposición coa súa propia e a do grupo aula.

Desenvolvemento

- Individualmente, o alumnado deberá sintetizar, de novo nunha lámina en forma de árbore, os contidos da exposición. Para facelo será de utilidade que consulte o cadro coas etapas e publicacións recollidas no anexo IV. Deberá transformar estes contidos nunha árbore escollendo unha das obras representativas de cada etapa, cuxo título plasmará nesa árbore de historias.
- En parellas, deben comparar as súas árbores e os títulos escollidos, observar as coincidencias e explicárense mutuamente os motivos das súas escollas.
- A continuación, deben comparar a súa árbore da exposición coa elaborada con antelación á visita para reflectir a súa propia autobiografía literaria. Deben fixarse nas coincidencias que atopen e anotalas.
- Finalmente, colócanse as árbores da exposición a carón das correspondentes ás autobiografías literarias e en gran grupo realízase unha asemblea para reflexionar sobre as diferenzas e semellanzas entre elas.

Material que se ofrece

- Cadro coas etapas e as obras da exposición (anexo IV).

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica e Visual.
- Lingua Castelá e Literatura.

Proposta 2. Expodrama

Presentación

Esta actividade pretende poñer ao alumnado na situación de aprendizaxe que constitúe a realización dunha exposición bibliográfica como a que acaban de visitar.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 2 (referido á comprensión de textos orais e multimodais).
2. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
3. OBX 7 (referido ao fomento do hábito lector).
4. OBX 8 (referido ao desenvolvemento da competencia literaria).

b | Obxectivos específicos

1. Elaborar unha exposición propia semellante á visitada.
2. Comunicar eficazmente os contidos da exposición.
3. Ler en voz alta para contaxiar o gusto pola lectura.

Desenvolvemento

- Fórmanse grupos de catro ou cinco persoas. Partindo das súas árbores de historias e das árbores da exposición, cada grupo debe elaborar a súa propia exposición de libros a imaxe e semellanza da que foron visitar na Biblioteca de Galicia.
- Para elaborar as exposicións poden traer os seus propios exemplares da casa, ou acudir á biblioteca do centro.
- Primeiramente, deben planificar a configuración da exposición: os criterios de selección dos libros (os que son importantes para cada integrante do grupo, os que comparten, os que lles chamaron a atención na exposición, os que teñen ganas de ler...) a orde e a situación na aula e os

materiais complementarios que desexen incluír (fotografías, debuxos, obxectos...). Para iso é importante que elaboren conxuntamente un bosquejo previo coa axuda do profesorado.

- A continuación, preparan a presentación da exposición: convértense en guías para explicarlles oralmente ao resto de compañeiras e compañeiros a súa selección de libros e materiais. Pode ser útil facer previamente algún xogo de dramatización que posibilite a desinhibición do alumnado e facilite o desenvolvemento da competencia oral.
- Por último, cada grupo debe seleccionar un dos libros que forma parte da súa exposición e ler en voz alta o inicio do mesmo. A lectura deberá ser preparada con antelación coa axuda do profesorado, pois o obxectivo é xerar nas compañeiras e compañeiros as ganas de continuar léndoo.

Material que se ofrece

- Non é preciso ningún material complementario para esta actividade, mais indícanse a seguir unhas referencias bibliográficas que poden ser de utilidade para seleccionar propostas de dramatización:
Puy, M. y Felius, C. (2022). *100 ejercicios de teatro en busca de alumno*. Thule.
- Rooyackers, P. (2005). *101 juegos de dramatización para niños. Diversión y aprendizaje a través de la interpretación y la simulación*. Neo Person.
- Sampedro, L. (2016). *Manual de teatro para niñas, niños y jóvenes de la era de Internet*. Alba.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica e Visual.
- Lingua Castelá e Literatura.

Proposta 3. De faladoiro

Presentación

Esta actividade está pensada para potenciar a lectura en voz alta, os xéneros da LIX menos frecuentados e a conversa sobre o lido. Moito máis frecuentemente do que nos gustaría, as propostas de animación á lectura esquecen que o fundamental para promocionala é, sinxelamente, ler. A ler e falar sobre o que lemos está dedicada esta proposta.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 2 (referido á comprensión de textos orais e multimodais).
2. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
3. OBX 7 (referido ao fomento do hábito lector).
4. OBX 8 (referido ao desenvolvemento da competencia literaria).

b | Obxectivos específicos

1. Potenciar a lectura doutros xéneros literarios alén do narrativo.
2. Traballar a lectura en voz alta.
3. Fomentar o gusto pola lectura mediante o diálogo sobre a mesma.
4. Desenvolver a competencia oral mediante a conversa.

Desenvolvemento

En grupos de catro ou cinco persoas (poden ser os mesmos da actividade anterior, os equipos da xincana literaria ou conformar outros novos) deben escoller un dos libros incluídos na exposición para a súa lectura na aula.

A selección non é totalmente libre: trátase de potenciar a lectura de xéneros menos habituais como a poesía, o teatro, a banda deseñada, o álbum ilustrado ou o libro informativo. Cada grupo encargárase, polo tanto, de seleccionar unha lectura pertencente a un destes cinco xéneros. No anexo V poden consultarse as obras destes xéneros presentes na exposición acaídas para 5º e 6º de Educación Primaria. As docentes deben asegurarse de que a biblioteca escolar conta con algún exemplar das obras seleccionadas.

A continuación, desenvolveranse as charlas literarias, que dirixirá cada grupo a partir do libro escollido. Esta proposta pode prolongarse bastante no tempo, de xeito que cada docente debe decidir o momento da xornada escolar máis acaído para realizala (quizais o tempo dedicado ao proxecto lector pode ser unha boa opción).

Para a charla, cada grupo debe preparar a lectura en voz alta da obra escollida e os aspectos da mesma sobre os que propoñerá conversar ao resto de compañeiros e compañeiras. A docente ofrecerá instrucións para a segmentación da lectura en función do xénero literario, as dimensións da obra e o número de integrantes do grupo. Coñecer o texto previamente a través da lectura individual e silenciosa é fundamental para que a posterior lectura en voz alta ante o grupo poida resultar eficaz. Sería ideal tamén contar cun espazo específico para realizar a actividade, ben sexa na aula ou na biblioteca, que facilite o contacto visual entre o grupo, a concentración e o desfrute da lectura e a conversa dun xeito distendido.

Para a realización do faladoiro, é conveniente que se sigan as tres fases habituais: antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura.

Antes da lectura: presentar o libro (título, autoría, ilustración, editorial, ano de publicación) debería ser o inicio da actividade, para logo tentar xerar unhas

certas expectativas antes de iniciar a lectura: a ilustración da cuberta ou o mesmo título poden dar lugar a unha conversa sobre que nos suxiren, que historia pode haber detrás dese título ou esa imaxe...

Durante a lectura: resulta moi conveniente fragmentar a lectura para que o grupo poida compartir a síntese do lido e facer predicións sobre o que virá a continuación. Ademais, dependendo do xénero que se estea lendo, o interese dos contidos abordados (libro informativo) o tipo de ilustracións (álbum, banda deseñada), a configuración dos personaxes (teatro) ou as emocións que xera a linguaxe empregada (poesía) poden ser aspectos significativos sobre os que pode xirar esta parte da charla.

Despois da lectura: sintetizar o lido, retomar as predicións iniciais e comparalas co resultado final ou partillar as valoracións e reflexións que nos suscitou a lectura son cuestións pertinentes para finalizar o faladoiro.

Cómpre ter en conta as especificidades que cada un destes xéneros comporta, tanto para a súa lectura en voz alta como para guiar a charla. Loxicamente, o profesorado debe ofrecer ao alumnado indicacións específicas ao respecto, pois a lectura dun texto poético non pode levarse a cabo do mesmo xeito cá dun texto teatral ou a dun libro informativo. A entoación ou a distribución das quendas de lectura será diferente en cada caso, de igual xeito que a lectura compartida de álbums ou banda deseñada terá que ter moi presente a importancia das ilustracións.

Material que se ofrece

- Listaxe de obras sobre as que se poden artellar as charlas (anexo V).

Materias coas que se poden establecer conexións

- Lingua Castelá e Literatura.

Proposta 4. Lombopoetas

Presentación

Esta última actividade pon en práctica a escritura creativa ao servizo do fomento do hábito lector e o desenvolvemento da competencia literaria.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

1. OBX 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX 7 (referido ao fomento do hábito lector).
5. OBX 8 (referido ao desenvolvemento da competencia literaria).

b | Obxectivos específicos

1. Interactuar co libro entendido como obxecto.
2. Practicar a escrita creativa.
3. Practicar a recitación de poemas.
4. Reflexionar sobre a configuración do texto poético.
5. Poñer en práctica e reflexionar sobre as relacións interartísticas.

Desenvolvemento

- A actividade pode realizarse en parellas ou nos grupos establecidos na proposta anterior.
- É conveniente que antes de iniciar a actividade se aborde na aula a lectura e análise de textos poéticos que poidan servir de referente para a realización do exercicio de escritura creativa. Para esta introdución poden ser de utilidade poemarios presentes na exposición como *Poemar o mar* ou *Street Poems*, sobre todo para desbotar a necesidade do verso rimado para a súa consideración como textos poéticos.
- A proposta pode partir dos libros que integran as exposicións elaboradas polo alumnado, que se poden complementar con libros da biblioteca de aula ou do centro se é necesario. Se non se realizou a proposta 2 (Expo-drama), esta actividade deberá partir dos libros da biblioteca escolar.
- O obxectivo é que cada parella ou grupo cree un poema a partir dos títulos dos libros que figuran nos seus lombos: deben escoller os lombos que, dispostos a modo de versos, poden conformar un texto poético.
- A docente fotografía os textos resultantes, e estas fotografías poden pasar a formar parte das exposicións realizadas na proposta 2.
- En círculo e de pé, cada grupo debe ler en voz alta o seu poema aos demais compañeiros e compañeiras, a modo de recital poético final.
- A proposta pode complementarse de xeito que os grupos, antes dese recital final, escollan unha música e/ou unha imaxe que consideren axeitadas como acompañamento e ilustración do seu poema.
- Logo do recital, realizarase unha asemblea en gran grupo para reflexionar sobre o proceso de escritura creativa e a calidade dos produtos elaborados.

Material que se ofrece

<https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1574084594/lomopoesa.html>

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica e Visual.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Música e Danza.


ANEXO I. Xincana literaria: Unha ducia de retos

			INTEGRANTES DO EQUIPO:	NOME DO EQUIPO:
RETO	RESPOSTA		VITRINA Nº	
1. Apaíñade cinco personaxes do cartel da exposición e indicade as obras ás que pertencen.				
2. Apaíñade o nome do ilustrador e o título do álbum que gañou o Premio Nacional de Ilustración en 1999.				
3. Apaíñade dúas obras narrativas escritas por mestras en cuxas cubertas aparezan paxaros.				
4. Apaíñade dous libros de poesía recentes, escritos por mulleres e que teñan nas súas cubertas formas circulares.				
5. Apaíñade unha obra de teatro cuxo título contén un nome de froita, e o nome dunha coñecida dramaturga, actriz e directora teatral.				
6. Apaíñade un exemplo de banda deseñada protagonizada por un animal e outro por unha illa.				

RETO	RESPOSTA	VITRINA Nº
7. Apaíade un álbum recente escrito por unha muller, ilustrado por unha muller e que trata sobre outra coñecidísima muller galega.		
8. Apaíade dous textos manuscritos: unha carta e un poemario.		
9. Apaíade unha fotografía que reúna a catro escritores.		
10. Apaíade os dous libros que estean traducidos do galego a outras linguas.		
11. Apaíade os dous libros da exposición que protagonizan cadansúa vitrina.		
12. Apaíade os seis escritores e escritoras galegas que gañaron o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil.		

ANEXO II (PARA DOCENTES): Solucións a «Xincana literaria: Unha ducia de retos»

RETO 1: Ver anexo III. RETO 2: Óscar Vilán, por *O coelliño branco*; 12. RETO 3: *O buzón dos nenos*, de Úrsula Heinze; 6 / *Contos prá escola*, de Concha Blanco; 6. RETO 4: *Caer de cu polo universo*, de Estíbaliz Espinosa; 16 / *Mar de mazá*, de Elvira Ribeiro; 16. RETO 5: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, 5 / Paula Carballeira, 13. RETO 6: Golfinho, 11 / Marcopola, a illa remeira, 11. RETO 7: *Rosalía de Castro*, de María Lado e Eva Agra, 17. RETO 8: Cartas da rapazada a Manuel María, 3 / Carta de Isaac Díaz Pardo a Xosé Neira Vilas, 2 / *Na fogueira dos versos*, 10. RETO 9: Xeración Lamote, 8. RETO 10: *Memorias dun neno labrego*, 2 / *Escarlatina, a cociñeira defunta*, 15. RETO 11: *Memorias dun neno labrego*, 2 / *Escarlatina, a cociñeira defunta*, 15. RETO 12: Paco Martín, 8 / Xabier Docampo, 8 / Fina Casalderrey, 8 / Agustín Fernández Paz, 14 / Leticia Costas, 15 / Antonio García Teijeiro, 16.



Nº	Obra	Vitrina
1.	<i>Das cousas de Ramón Lamote</i>	8
2.	<i>O misterio dos fillos de Lúa</i>	8
3.	<i>Chamádeme Simbad</i>	14
4.	<i>Os Bolechas</i>	12
5.	<i>O buzón dos nenos</i>	6
6.	<i>Balea</i>	18
7.	<i>Escarlatina, a cociñeira defunta</i>	15
8.	<i>Viaxe ao país de ningures</i>	4
9.	<i>Memorias dun neno labrego</i>	2
10.	<i>Cartas de inverno</i>	9
11.	<i>A galiña azul</i>	4
12.	<i>Fiz nos biosbardos</i>	12
13.	Rosalía de Castro	17
14.	<i>Onde viven os monstros</i>	12
15.	<i>O coelliño branco</i>	12
16.	Tonecho	11
17.	<i>Os soños na gaiola</i>	3
18.	<i>Polo mar van as sardiñas</i>	4
19.	<i>Teño uns pés perfectos</i>	17
20.	<i>Marcopola</i>	11

Nº	Obra	Vitrina
1.	<i>Das cousas de Ramón Lamote</i>	8
2.	<i>O misterio dos fillos de Lúa</i>	8
3.	<i>Chamádeme Simbad</i>	14
4.	<i>Os Bolechas</i>	12
5.	<i>O buzón dos nenos</i>	6
6.	<i>Balea</i>	18
7.	<i>Escarlatina, a cociñeira defunta</i>	15
8.	<i>Viaxe ao país de ningures</i>	4
9.	<i>Memorias dun neno labrego</i>	2
10.	<i>Cartas de inverno</i>	9
11.	<i>A galiña azul</i>	4
12.	<i>Fiz nos biosbardos</i>	12
13.	Rosalía de Castro	17
14.	<i>Onde viven os monstros</i>	12
15.	<i>O coelliño branco</i>	12
16.	Tonecho	11
17.	<i>Os soños na gaiola</i>	3
18.	<i>Polo mar van as sardiñas</i>	4
19.	<i>Teño uns pés perfectos</i>	17
20.	<i>Marcopola</i>	11

ANEXO IV: 1

Os comezos da LIX en galego (1922-1936) 1: Os Comezos <i>As Roladas, Agromar, Contos para nenos. O rei avarento Margarida a da sorriso d'aurora</i>	A luz (1975-1985) 5: Libros doutras linguas que falan galego <i>O Principiño, Alicia no País das Maravillas, A illa do tesouro, As aventuras de Tintín, Teo, Ásterix o galo, Os anxos cómense crús, Mitos e lendas da vella Grecia</i>	O agromar (1985-1997) 7: O reto da banda deseñada <i>Os fillos de Breogán, Os Centauriños, Jérôme K. Jérôme, Un misterio para Simón</i>	A follaxe (1998-2013) 11: A revolución dos Golfiños <i>Golfiño, Aldara, Fiz nos biosbardos, A mansión dos Pampín, Marcopola</i>
A escuridade (1936-1960)		8: A Xeración Lamote <i>Das cousas de Ramón Lamote, Cando petan na porta pola noite, O misterio dos fillos de Lúa, Contos por palabras</i>	12: A aposta polo álbum ilustrado <i>O coelliño branco, Titiretesa, Os Bolechas, A Cebra Camila, Fiz: o coleccionista de medos, Onde viven os monstros, Onde perdeu Lúa a risa?</i>
O tronco (1961) 2: O libro fundamental que vén de América <i>Memorias dun neno labrego</i>	6: Mestras implicadas en dar de ler ao seu alumnado <i>O buzón dos nenos, O día que choveu de noite, O segredo da Pedra Figueira, Contos prá escola, O noso galego 3</i>	9: A narrativa para mozas e mozos <i>Proxecto pomba dourada, Anagnórise, A expedición do Pacífico, O enigma de Embívicus, Cartas de inverno</i>	13: A literatura dramática tamén se leva aos escenarios <i>A noite da raíña Berenguela, Pingueiras e tarteiras, Os sons da buguina, Comedia bífida, O misterio da risa, Boas noites</i>
As pólas (1962-1975) 3: A poesía que resiste <i>Roseira do teu mencer, Os sonhos na gaiola, Un poema cada mes, Rondas de Norte a Sur: poesía infantil</i>		10: A poesía que bebe da tradición oral <i>Cando o rei por aquí pasou, Pola rúa dos versos, Fafarraios, Na fogueira dos versos</i>	14: Unha narrativa que segue a innovar <i>O único que queda é o amor, Rinocerontes e quimeras, Chamádeme Simbad, Usha, Ás de bolboreta, O libro das viaxes imaxinarias</i>
4: Os contos e a teatro que medran <i>Polo mar van as sardiñas, A galiña azul, O león e o paxaro rebelde, As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, Viaxe ao país de ningures</i>			

ANEXO IV: e 2

Os froitos (2014-2022)

15: As narracións e a aposta por gañar lectoras e lectores

O bestiario científico de Anxos Nogueirosa, Muriel, Miña querida Sherezade, Mamá: quero ser Ziggy Stardust, Be water, Escarlatina: a cociñeira defunta

16: A poesía rebelde

Poemar o mar, Caer de cu polo universo, Mar de mazá, Street Poems, Penúltimas tendencias

17: Os libros informativos que volven renovados

Sementes viaxeiras, Rosalía de Castro, Sos: monstros verdadeiros ameazan o planeta, O gran libro das nosas cousas, Todos teríamos que ser feministas, Teño uns pés perfectos, En familia!

18: Álbums para todas e todos ou a revolución dos formatos

Hora de bañarse, Un can, A estrambótica volta ao mundo en oitenta días, Balea, Xiqui, xoque, fiu fiu, O branco non pinta, A lavandeira de San Simón



ANEXO V

Poesía

Boullosa, Palmira (recompiladora e ilustradora) (1997). *Cando o rei por aquí pasou*. Libro do folclore infantil galego. Xerais.

García Teijeiro, Antonio e Enjamio, Luis (ilustrador) (1996). *Na fogueira dos versos*. Xerais.

García Teijeiro, Antonio e López Domínguez, Xan (ilustrador) (2016). *Poemar o mar*. Xerais.

Alonso, Fran (2018). *Street Poems*. Xerais.

Teatro

Casares, Carlos e Seoane, Luis (ilustrador) (1973). *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Galaxia.

González Costa, Teresa e Chao Blanco, Rodrigo (ilustrador) (2009). *Pingueiras e tarteiras*. Xerais.

Carballeira, Paula (2007). *Boas noites*. Xerais.

Neira Cruz, Xosé Antonio e da Silva, Kiko (ilustrador) (2005). *A noite da raíña Berenguela*. Planeta & Oxford.

Banda deseñada

Golfinho: revista galega de banda deseñada para todas as idades. La Voz de Galicia.

Silva, Kiko da (2005). *Fiz nos biosbardos*. Kalandraka.



Álbum ilustrado

Sendak, Maurice (2014). *Onde viven os monstros*. Kalandraka.

Mejuto, Eva (2020). *A lavandeira de San Simón*. Xerais.



Libro informativo


Castaño, Yolanda e Tomás, Xosé (ilustrador) (2019). *Sementes viaxeiras*. Embora.

Rohde, Marie G. (2020). *Sos. Monstros verdadeiros ameazan o planeta*. Baía.

Lado, María e Agra, Eva (ilustradora) (2016). *Rosalía de Castro*. Urco.

Maxeiner, Alexandra e Kuhl, Anke (2016). *En familia!* Hércules de Ediciones.





Educación secundaria obrigatoria

■ NA AULA:

IDEAS PARA PREPARAR A VISITA Á EXPOSICIÓN

Proposta 1. Enigma tras as rimas

Proposta 2. Biografía literaria en grupo

Proposta 3. Banda sonora

■ NA EXPOSICIÓN:

IDEAS PARA PERCORRELA COS OLLOS ABERTOS

Proposta 1. Saber ler

Proposta 2. Se as palabras fosen máis caras que o ouro

Proposta 3. Algo máis que un comezo

■ NA AULA... OUTRA VEZ:

IDEAS PARA COÑECER MÁIS

Proposta 1. Unha nova cuberta: nadir ou cénit?

Proposta 2. Cociñando un poema

Proposta 3. Microteatro rebelde

Para esta etapa educativa preséntanse tres actividades previas, tres para desenvolver durante a visita e tres para o momento posterior en aula. Todas elas teñen un forte grao de independencia. O profesorado interesado, por tanto, poderá empregar calquera delas de xeito illado ou artellar, se así o desexa, a súa propia secuenciación.

Por outra banda, dado que esta etapa educativa abrangue catro cursos diferentes, considerouse conveniente incluír en cada actividade unha epígrafe no que se mencionasen posibles medidas de axuste respecto do grao de dificultade. Esta flexibilidade na formulación e deseño das actividades afecta tanto ao xa mencionado grao de dificultade como á realización das mesmas en grupo ou de xeito individual. Isto significa que todas as actividades que se presentan para levarse a cabo en parella ou en grupo tamén poden realizarse sen acomodarse a esa indicación.

Na aula: ideas para preparar a visita á exposición

Proposta 1. Enigma tras as rimas

Presentación

Esta actividade está pensada para dar a coñecer antes da visita varias obras da literatura infantil e xuvenil galega. Son libros que están aludidos na imaxe do cartel co que se publicita a exposición. Unha vez presentadas estas obras polo docente, o alumnado deberá crear pareados alusivos a unha delas. O resto dos compañeiros intentará adiviñar o libro ao que se refiren os versos creados.

Obxectivos:

a | Obxectivos curriculares

- OBX 5 (referido á expresión de textos escritos).
- OBX 6 (referido ao proceso de pescuda e selección de información).
- OBX 8 (referido á literatura e á educación literaria).

b | Obxectivos específicos

- Ser capaz de crear textos escritos breves segundo as indicacións dadas.
- Buscar e seleccionar na rede información fiable e relevante.
- Fomentar o coñecemento de obras literarias galegas.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en parella ou en grupo.
- Cada parella ou grupo será o encargado de redactar diferentes pareados que funcionen como pistas para identificar unha obra da literatura infantil galega.
- O docente comezará amosando a imaxe da árbore contida no cartel da exposición. Fará unha breve presentación de dez obras da literatura infantil e xuvenil galega que están aludidas nese cartel.
- A continuación, o docente asignará a cada parella ou grupo de traballo unha imaxe, é dicir, unha obra literaria diferente. Coa información que acaban de escoitar, e coa posibilidade de buscar máis datos na rede, os membros do grupo deben redactar tres pareados distintos para cada obra. Estes deberán referirse a diferentes aspectos do libro (título, autor, argumento...). Non poderán empregar as palabras contidas no título, o nome do autor ou mencionar directamente a imaxe contida na árbore. Deben buscar que os pareados creados aludan á obra, pero sen resultar excesivamente explícitos.
- Os tres pareados funcionarán como pistas que, de xeito independente e sucesivo, cada grupo irá expoñendo ante os seus compañeiros. O obxectivo é o de conseguir ser o primeiro en identificar a obra que se oculta tras os dous versos rimados.
- A actividade rematará cunha reflexión sobre o grao de coñecemento que tiñan previamente sobre as imaxes contidas na árbore e, polo tanto, sobre a literatura infantil e xuvenil galega.
- Durante o percorrido pola exposición os autores dos pareados poden ter o encargo de localizar a obra á que se referían os seus versos e comentar o contido da vitrina na que se sitúa esa obra.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- O grao de dificultade pode minorarse reducindo o número de obras manexadas e ofrecendo información máis detallada sobre cada unha delas. Tamén pode solicitarse crear un único pareado por obra.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- *A galiña azul* de Carlos Casares.
- *Viaxe ao país de ningures* de Manuel Lourenzo.
- *Os sonhos na gaiola* de Manuel María.
- *Das cousas de Ramón Lamote* de Paco Marín.
- *O coelliño branco* de Xosé Ballesteros.
- *Onde viven os monstros* de Maurice Sendak.
- *Os bolechas* de Pepe Carreiro.
- *Chamádeme Simbad* de Francisco Castro.
- *O misterio dos fillos de Lúa* de Fina Casalderrey.
- *Escarlatina, a cociñeira defunta* de Leticia Costas.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- Expresión Artística.
- Música.

Material ofrecido nos anexos

- A imaxe do cartel da exposición chamado “Unha árbore de historias”.
- As dez imaxes contidas no cartel seleccionadas para realizar esta actividade, así como unha breve presentación das dez obras aludidas.

Proposta 2. Biografía literaria en grupo

Presentación

Esta actividade está pensada para reflexionar sobre o coñecemento que temos da literatura infantil e xuvenil. O propósito é crear un mural que conteña unha biografía literaria única para todo o grupo clase e que permita levar a cabo despois un contraste co contido da exposición. Búscase fomentar a reflexión a partir das diferenzas e semellanzas atopadas.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 5 (referido á expresión de textos escritos).
- OBX 7 (referido á Literatura e á Educación Literaria).
- OBX 8 (referido á Literatura e á Educación Literaria).

b | Obxectivos específicos

- Ser capaz de crear textos escritos breves segundo as indicacións dadas.
- Reflexionar sobre o coñecemento e difusión das obras da literatura galega.
- Descubrir e coñecer novas obras da literatura infantil e xuvenil galega.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando por parellas.
- O docente reservará un espazo nunha parede ou levará á aula unha cartolina de gran tamaño co propósito de confeccionar un mural no que se recolla unha biografía literaria común a todo o grupo clase.
- O primeiro paso será que cada parella pense nas obras en galego (escritas orixinalmente nesta lingua ou traducidas a ela) que considera conforman a súa biografía literaria. Ademais dos libros lidos, poden incluírse aqueloutros dos que coñecen bastantes datos, aínda que nunca realizan a lectura íntegra do seu texto.
- Para cada obra as parellas deben elaborar unha etiqueta na que se recolla a seguinte información: título, autor, tema, idade na que esa obra foi lida ou coñecida e, finalmente, puntuación que deciden outorgarlle. Debe confeccionar o número máis amplo posible de etiquetas.
- No mural colocaranse todas as etiquetas creadas. Cando xurdan repeticións poñeranse superpostas ou moi pegadas unhas a outras.
- Unha vez elaborado o mural cada parella deberá intentar adiviñar cales das obras contidas nese mural van estar tamén na exposición. Anotarán nun papel a cifra exacta de coincidencias que esperan atopar e a obra que con máis seguridade cren que vai estar na exposición.
- Durante o percorrido pola exposición poden ter o encargo de ir anotando as obras que estaban contidas no mural e que volven aparecer agora na visita.
- Finalmente, ao chegar á aula comprobarán se as parellas acertaron no número de coincidencias que ían xurdir e na obra que con máis seguridade ía estar na exposición. Reflexionarase tamén sobre a maior ou menor distancia existente entre o mural creado e a exposición vista.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- Non semella necesario planificar reaxustes no grao de dificultade.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- Dependendo das experiencias lectoras previas, traballarase con obras diferentes. A previsión é que teñan un papel destacado na actividade as obras da narrativa actual que gozan dunha ampla difusión (*Os bolechas; Escarlatina, a cociñeira defunta...*).

Materias coas que se poden establecer conexións

- Lingua Castelá e Literatura.
- Xeografía e Historia.

Material ofrecido nos anexos

- Documento cunha listaxe na que se detallan as etapas e as obras da exposición contidas en cada vitrina. Este documento pode ser empregado polo docente para comprobar dende o primeiro momento o maior ou menor grao de coincidencia entre as obras do mural e as da exposición.

Proposta 3. Banda sonora

Presentación

Esta actividade está pensada para unir música e literatura. O propósito é deseñar unha banda sonora que poida ser empregada durante a visita á exposición. Elaborarase partindo de expectativas atribuídas a cada etapa ou vitrina. Tras a visita reflexionarase sobre o acerto ou desacerto da proposta feita.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 3 (referido á expresión de textos orais).
- OBX 7 (referido á Literatura e á Educación Literaria).
- OBX 8 (referido á Literatura e á Educación Literaria).

b | Obxectivos específicos

- Ser capaz de conectar creacións artísticas (musicais e literarias) inicialmente distantes.
- Ofrecer unha exposición oral dos motivos que sustentan unha determinada proposta persoal.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en grupos.
- O docente ofrecerá información sobre a estrutura da exposición que o alumnado visitará. Presentará o esquema das distintas etapas que se distinguen, algúns dos títulos que as integran e unha breve caracterización xeral.
- O alumnado, dispoñendo só desta información, deberá elixir unha canción para cada etapa. Terá liberdade á hora de fixar as súas eleccións. Recoméndase que sexan cancións de distintos xéneros e que a lingua galega estea presente nalgún momento. As conexións que estableza poden obedecer a circunstancias moi diversas. Para considerar válida unha proposta chega con que o grupo considere que é unha canción axeitada para ser escoitada con auriculares durante a visita á exposición.
- Unha vez elaborada a lista de cancións, cada grupo fará unha presentación das súas escollas ante os compañeiros. Ofrecerá un fragmento da canción elixida e detallará os motivos que sustentan a elección.
- Durante o percorrido pola exposición o alumnado deberá levar auriculares que lle permitan escoitar a listaxe de cancións que confeccionou.
- Unha vez de volta na aula, reflexionarán sobre o encaixe entre as cancións elixidas e as obras literarias da exposición. Sinalarán cales encaixaban mellor e cales peor.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- A proposta pode simplificarse se se crea unha única lista de cancións entre todo o grupo clase ou se o docente se implica nesta tarefa ofrecendo posibilidades ou diferentes ideas a cada grupo.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- Non hai unha listaxe única de obras implicadas.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Música.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Lingua Estranxeira.

Material ofrecido nos anexos

Cadro coas etapas nas que se estrutura a exposición e unha columna para encher cos datos das cancións propostas. O docente pode consultar tamén o cadro ofrecido para a actividade anterior ('Biografía literaria en grupo') e coñecer deste xeito as obras que se amosarán para cada etapa.

Na exposición: ideas para percorrela cos ollos abertos

Proposta 1. Saber ler

Presentación

Esta actividade está pensada para dar a coñecer obras literarias galegas, así como para amosar as posibilidades e as limitacións comunicativas que posúen as emoticonas que usamos con tanta frecuencia nas nosas interaccións. O propósito será o de identificar durante o percorrido da visita os títulos dalgunhas das obras a partir a partir dunha listaxe na que estes aparecen “escritos” empregando emoticonas.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 1 (referido ás linguas e aos falantes).
- OBX 8 (referido á literatura e á educación literaria).
- OBX 9 (referido á estrutura das linguas).

b | Obxectivos específicos

- Reflexionar sobre a natureza da lingua escrita e o valor das súas unidades.
- Fomentar o coñecemento de obras literarias galegas e a súa lectura.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en parella ou en grupo.
- Antes de entrar na exposición o docente entregará a cada parella ou grupo unha listaxe cos títulos que deberá conseguir identificar. Será a mesma listaxe para todos os grupos e os títulos estarán escritos unicamente a través de emoticonas. Serán doce posibles títulos dos que só dez se corresponden con obras da exposición.
- Deberán percorrer a exposición fixándose tanto nos títulos dos libros expostos nas vitrinas como nos mencionados nos carteis explicativos. O obxectivo é identificar dez títulos escritos con emoticonas.
- A posta en común pode facerse xusto ao rematar o percorrido pola exposición ou posteriormente en aula.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- O grao de dificultade pode reducirse se se eliminan os dous títulos falsos escritos con emoticonas ou manexando un número de títulos máis limitado que o proposto inicialmente.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- *Contos pra nenos. O rei avarento* de Vicente Risco.
- *Hora de bañarse* de VV. AA.
- *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* de Carlos Casares.
- *Teño uns pés perfectos* de María Solar.
- *Os sonhos na gaiola* de Manuel María.
- *Cartas de inverno* de Agustín Fernández Paz.
- *O día que choveu de noite* de Helena Villar Janeiro.
- *O Principiño* de Antoine de Saint Exupery (trad. Carlos Casares).
- *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Ocampo.
- *A illa do tesouro* de Robert Louis Stevenson.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- Educación Dixital.

Material ofrecido nos anexos

- Listaxe de doce títulos escritos a través de emoticonas (dos que só dez se corresponden con obras da exposición).
- Folla coas claves para coñecer a correspondencia entre as emoticonas e as obras expostas.

Proposta 2.

Se as palabras fosen máis caras que o outro

Presentación

Esta actividade está pensada para achegarse a un panorama xeral da literatura infantil e xuvenil galega, así como para comprobar a capacidade creativa e de síntese do alumnado á hora de confeccionar unha historia mínima da literatura. Solicitarase ao alumnado que resuma nunha única frase o anaco de historia contido en cada unha das vitrinas da exposición.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 4 (referido ás destrezas escritas receptivas).
- OBX 5 (referido ás destrezas escritas produtivas).
- OBX 7 (referido á literatura e á educación literaria).

b | Obxectivos específicos

- Interpretar correctamente un texto escrito recoñecendo nel as ideas principais.
- Redactar un breve texto nun rexistro formal e con valor estético.
- Fomentar o coñecemento de obras literarias galegas e a súa posible lectura.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en parella ou en grupo.
- Entregarase a cada parella ou grupo de traballo unha folla cun cadro no que haberá un espazo para escribir a frase coa que se pretende resumir o contido de cada vitrina da exposición.
- O alumnado deberá percorrer a exposición fixándose tanto no contido das vitrinas como no paneis informativos que explican o valor e significado das obras expostas.
- Tras observar cada vitrina e ler o panel os membros do grupo deberán propoñer unha frase que resuma ese contido. A frase creada debe cumprir dúas esixencias:
 - (i) non poderá exceder dunha extensión de dez palabras e
 - (ii) deberá ter ton literario ou poético.
 Estas limitacións obedecen á formulación dende a que se deseñou a actividade. Por un lado, estamos xogando a que as palabras son algo moi caro que debemos empregar con moitísimo coidado (por iso non poden ser máis de dez palabras en cada frase). Por outro lado, estamos xogando a que imos crear unha historia literaria da literatura (por iso se pide ton poético).
- Ao remate da exposición cada grupo de traballo terá en preto de vinte frases unha historia literaria de toda a literatura infantil e xuvenil galega.
- Este resumo pode empregarse para unha posterior posta en común. Nela cada grupo lerá algunha das frases coas que describiu un determinado momento literario. Os compañeiros deberán intentar deducir e xustificar cal é o momento descrito. Pode formularse de xeito competitivo.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- O grao de dificultade pode minorarse se se ofrecen palabras clave para que o alumnado constrúa a frase a partir delas.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- Cada grupo fixará a súa atención en obras distintas.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Xeografía e historia.

Material ofrecido nos anexos

- Folla con recadros para cada vitrina nos que ir anotando as frases creadas.

Proposta 3. Algo máis que un comezo

Presentación

Esta actividade está pensada para achegar ao alumnado á lectura de diferentes fragmentos de obras da literatura infantil e xuvenil galega. Disporán do parágrafo inicial de cinco obras distintas, todas elas de autoría feminina. Durante a visita deberán intentar identificar a obra á que pertence cada fragmento.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 4 (referido ás destrezas escritas receptivas).
- OBX 7 (referido á literatura e á educación literaria).
- OBX 8 (referido á literatura e á educación literaria).

b | Obxectivos específicos

- Interpretar e valorar axeitadamente textos escritos literarios.
- Dar a coñecer obras literarias e promover a lectura de distintos fragmentos.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo en parella ou en grupo.
- Xusto antes de entrar na exposición entregárase a cada grupo un documento que conteña os parágrafos iniciais de cinco obras diferentes contidas nas vitrinas da exposición. Todas elas serán de autoría feminina, circunstancia que pode ser decisiva para axudar na identificación da obra (ademais de facer reflexionar sobre a presenza da muller na literatura infantil e xuvenil galega).
- O alumnado deberá ser capaz de deducir as posibles correspondencias entre os fragmentos dados e as obras ás que pertencen. Farán o percorrido buscando a información necesaria a través das vitrinas e dos paneis informativos para conectar os fragmentos ofrecidos con diferentes títulos de obras.
- A posta en común e a corrección pode facerse xusto despois de percorrer a exposición ou na aula. Pode realizarse de modo competitivo.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- O grao de dificultade pode minorarse se se reduce o número de fragmentos que deben identificarse ou se traballa con inicios que amosan con bastante claridade a obra á que pertencen.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- *Rosalía de Castro* de María Lado.
- *A expedición do Pacífico* de Marilar Aleixandre.
- *Escarlatina, a cociñeira defunta* de Leticia Costas.
- *Fiz, o coleccionista de medos* de Fina Casalderrey.
- *Mar de mazá* de Elvira Ribeiro Tobío.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Xeografía e Historia.

Material ofrecido nos anexos

- Folla que contén os fragmentos das cinco obras seleccionadas, así como as claves que permiten vencellar eses textos cos libros aos que pertencen.

Na aula... outra vez: ideas para coñecer algo máis

Proposta 1. Unha nova cuberta: nadir ou cénit?

Presentación

Esta actividade está pensada para fomentar o coñecemento das obras da literatura infantil e xuvenil galega, así como para promover a creatividade solicitando o deseño dunha nova cuberta para unha das obras. Deberá elixirse o libro que se considerou tiña a cuberta menos atractiva e crear unha nova a partir dunha fotografía na que se xogue co ángulo da imaxe.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 3 (referido ás destrezas orais e multimodais).
- OBX 4 (referido ás destrezas escritas e multimodais).
- OBX 8 (referido á literatura e á educación literaria).

b | Obxectivos específicos

- Buscar e interpretar información na rede e na biblioteca sobre unha obra literaria.
- Confeccionar a cuberta dun libro combinando imaxes e palabras.
- Explicar oralmente o significado da cuberta orixinal e da nova proposta.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en parella ou en grupo.
- É recomendable que o alumnado antes de achegarse á exposición reciba a indicación de fixarse na estética das cubertas das obras que vai ver nas vitrinas. Se non recibiu ese aviso, a actividade poderá realizarse recorrendo aos recordos que teñen unha vez realizada a visita ou ás imaxes de diferentes portadas que se ofrecen no anexo elaborado para esta actividade.
- Tras a visita, xa en clase, elixirase a obra para a que se vai facer a nova creación. Pode ser o libro coa cuberta que se valorou como menos atractiva ou a obra co título e a temática máis suxestiva. Cada grupo de traballo pode elixir un libro diferente ou todo o grupo clase pode traballar coa mesma obra, facendo propostas diferentes para ela.
- A nova cuberta debe cumprir coas seguintes esixencias:
 - (i) conter unha fotografía de autoría propia e
 - (ii) que esta imaxe sexa feita cun ángulo de cámara pouco habitual: deberá empregarse obrigatoriamente un ángulo cénit, nadir, picado ou contrapicado.
- O grupo disporá dun tempo para, en primeiro termo, buscar información sobre a obra literaria elixida. A continuación, poderá buscar información sobre os ángulos fotográficos esixidos para coñecer exactamente cales son os requisitos que debe cumprir a imaxe da cuberta.
- Unha vez levada a cabo a fase de documentación xa poderá pasar a deseñar a nova cuberta e a realizar a fotografía.
- Na última fase de elaboración deberán engadir a tipografía que consideren axeitada para o texto escrito que decidan incluír na cuberta.
- O resultado presentárase de xeito oral ante os compañeiros. Debe ofrecerse información sobre a cuberta orixinal e unha explicación detallada dos motivos que levaron ao deseño da nova proposta.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- Non semella necesario axustar o grao de dificultade, pois trátase dunha actividade que busca máis a creatividade que a calidade técnica da fotografía e non require coñecementos literarios previos.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- Cada grupo poderá elixir a obra coa que desexa traballar dentro das amosadas na exposición ou das contidas no anexo.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- Tecnoloxía e dixitalización.
- Educación Dixital.
- Expresión Artística.

Material ofrecido nos anexos

- Imaxes dalgunhas das cubertas amosadas na exposición. Preséntanse organizadas en diferentes etapas.

Proposta 2. Cociñando un poema

Presentación

Esta actividade está pensada para achegarse a un poemario (pode ser o libro *Fafarraios* de Gloria Sánchez ou outro) e promover a creatividade solicitando a fusión de dous tipos de textos diferentes: un instrutivo e un literario (concretamente, unha receita e un poema). O propósito é unir eses dous tipos nun só creando un texto instrutivo con ton literario (concretamente, unha receita poética). Nos aspectos formais o texto creado será unha receita. Polo contido e o tema abordado manterá un forte vínculo co poema no que se basea.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 4 (referido ás destrezas escritas receptivas).
- OBX 5 (referido ás destrezas escritas produtivas).
- OBX 8 (referido á literatura e á educación literaria).

b | Obxectivos específicos

- Comprender o contido e o sentir que transmite un texto poético.
- Ser capaz de crear un texto instrutivo (unha receita) empregando un ton literario.
- Realizar unha lectura expresiva do texto creado.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en parella ou en grupo, pero tamén podería realizarse de xeito individual.
- Ofreceranse como punto de partida poemas contidos na obra *Fafarraios* de Gloria Sánchez que abordan diversos temas e se achegan a sensacións e sentimentos moi diversos (amor, morte, ecoloxía, consumismo, vampiros, princesas...).
- O docente asignará a cada grupo unha composición distinta. A primeira tarefa do grupo será a de determinar mediante unha posta en común os temas e os sentimentos transmitidos na composición coa que van traballar.
- Unha vez feita esa posta en común deberá comezarse coa creación da receita de cociña con ton literario abordando ese mesmo tema.
- No texto creado deberá haber unha mestura de léxico habitual nunha receita de cociña (sopa, fariña, remexer, forno...) e léxico vencellado co sentimento que se vai transmitir (amor, ilusión, paixón, ledicia...). O resultado debe ser, por tanto, unha receita poética.
- Os aspectos formais que se empregarán deben acomodarse aos dunha receita: nome do prato, ingredientes, indicacións de elaboración, consello final e grao de dificultade.
- Dado que se traballa en grupo, o texto creado deberá ser revisado por todos para que non conteña ningún tipo de gralla.
- A actividade rematará coa lectura en voz alta do poema orixinal e das receitas poéticas creadas.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- O grao de dificultade poderá minorarse se o docente ofrece suxestións para o nome da receita ou incluso para a redacción das primeiras liñas.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- *Fafarraios* de Gloria Sánchez.

Materias coas que se poden establecer conexións

- Lingua Castelá e Literatura.
- Oratoria.

Material ofrecido nos anexos

- Imaxe da cuberta da obra *Fafarraios* de Gloria Sánchez e listaxe cos títulos dalgunhas das composicións deste poemario e dos temas abordados nelas.

Proposta 3. Microteatro rebelde

Presentación

Esta actividade está pensada para que o alumnado coñeza diferentes autores e textos poéticos e para que amose a súa creatividade conseguindo darlle forma teatral a algúns deles. Serán sempre creacións escénicas moi breves que tomarán como punto de partida un dos poemas contidos nunha das vitrinas na exposición: a dedicada á “poesía rebelde”.

Obxectivos

a | Obxectivos curriculares

- OBX 2 (referido ás destrezas orais e multimodais receptivas).
- OBX 3 (referido ás destrezas orais e multimodais produtivas).
- OBX 8 (referido á literatura e á educación literaria).

b | Obxectivos específicos

- Comprender e interpretar de xeito razoado fragmentos de obras literarias.
- Oralizar un fragmento literario mediante unha representación teatral.

Desenvolvemento

- A actividade está pensada para levarse a cabo traballando en grupo.
- O docente comezará lembrando o contido e os trazos da vitrina da exposición "A poesía rebelde". Das obras desa etapa pode decidir asignar un poema distinto a cada equipo ou decidir traballar todos co mesmo (para deste xeito ver creacións escénicas diferentes a partir dun único texto).
- Unha vez asignadas as composicións coas que se vai traballar, cada grupo deberá tomar as seguintes decisións:
 - 1º. División.** Dividir o texto para facer unha creación coral na que interveñan diferentes voces. Pode decidirse tamén quen vai ser a voz de cada anaco de texto.
 - 2º. Xesto, movemento ou acción.** Elixir cal será a posición inicial que terán os diferentes actores. Precisar un xesto, movemento ou acción para que cada un deles o realice antes, durante ou despois da lectura de cada fragmento.
 - 3º. Música e luz.** Decidir a música que vai acompañar a representación. Pode ser unha única composición ou varias. Pode ser de calquera xénero. Tamén se decidirá se se xogará coa luz, coa escuridade ou se se intentará levar a cabo algún efecto durante a representación (un trono, un raio, un apagón...).
- Trala toma de decisións e a aprobación do docente, chegará o momento de ensaiar cada representación.
- A actividade rematará cunha sesión na que se ofrezan as representacións creadas.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

- O grao de dificultade poderá minorarse se o docente participa e orienta a toma de decisións vencelladas coa escenificación que o alumnado está creando.

Obras literarias sobre as que se traballará directamente

- *Poemar o mar* de Antonio García Teijeiro.
- *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro.
- *Street Poems* de Fran Alonso.
- *Caer de cu polo universo* de Estibalez Espinosa.
- *Mar de mazá* de Elvira Ribeiro Tobío.

Materias coas que se poden establecer conexións


- Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- Música.
- Oratoria.

Material ofrecido nos anexos

- Imaxes das cubertas e breve presentación dos libros amosados na vitrina "A poesía rebelde".
- Selección de poemas contidos nesas obras e que poderían empregarse para esta actividade.

ANEXO I: Material para a actividade «Enigma tras as rimas»

■ Obras aludidas no cartel e seleccionadas para a actividade:



A galiña azul

de Carlos Casares, ilustrada polos fillos de Xohán Ledo.

Obra narrativa composta por cinco relatos breves conectados entre si, nos que se abordan temas como a inxustiza ou a diversidade social.



Viaxe ao país de Ningures

de Manuel Lourenzo, ilustrada por Luis Seoane.

Peza teatral na que se amosa a creación por parte dun grupo de nenos dunha nova cidade ideal libre dos males da anterior sociedade.



Os soños na gaiola

de Manuel María, ilustrada por Reimundo Patiño.

Poemario composto por medio centenar de creacións cun ton sinxelo e rítmico no que se abordan temas diversos, ocupando Galicia un lugar especial.



Das cousas de Ramón

Lamote de Paco Marín, ilustrada por Xan Balboa.

Novela protagonizada polas historias e as ideas dun mestre e debuxante chamado Ramón Lamote.



O coelliño branco

de Xosé Ballesteros, ilustrada por Óscar Villán.

Álbum ilustrado creado a partir dun conto popular portugués no que un coelliño branco se verá obrigado a reconquistar o seu fogar.



Onde viven os monstros

de Maurice Sendak,
ilustrada polo propio autor.

Álbum ilustrado no que se narra a viaxe simbólica dun neno chamado Max ata o país no que viven os monstros.



Os Bolechas

de Pepe Carreiro, ilustrada polo propio autor.

Serie de historietas protagonizadas por seis nenos e un can que viven experiencias e aventuras moi diversas.



Chamádeme Simbad de

Francisco Castro, ilustrada por Manuel Pena Villar.

Novela que narra a historia de Paulo, un neno que comprende e coida do seu avó enfermo.



O misterio dos fillos de Lúa de Fina Casalderrey,

ilustrada por Mar Villar.

Novela que narra a preocupación que suscita nun neno a desaparición das crías da gata Lúa.



Escarlatina, a cociñeira defunta de Leticia Costas,

Ilustrada por Víctor Rivas.

Novela que narra como o neno Román Casas recibe un curso de cociña moi especial impartido por unha cociñeira defunta.

ANEXO II:

Material para a actividade «Biografía literaria en grupo»

■ Cadro coas etapas e as publicacións recollidas na exposición:

Os comezos da LIX en galego (1922-1936)	As pólas (1962-1975)
Os Comezos VITRINA 1	A poesía que resiste VITRINA 3
<i>As Roladas, Agromar, Contos para nenos. O rei avarento Margarida a da sorrisa d'aurora</i>	<i>Roseira do teu mencer, Os sonhos na gaiola, Un poema cada mes, Rondas de Norte a Sur: poesía infantil</i>
A escuridade (1936-1960)	Os contos e a teatro que medran VITRINA 4
O tronco (1961) O libro fundamental que vén de América VITRINA 2	<i>Polo mar van as sardiñas, A galiña azul, O león e o paxaro rebelde, As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, Viaxe ao país de ningures</i>
<i>Memorias dun neno labrego</i>	

A luz (1975-1985)	O agromar (1985-1997)	A follaxe (1998-2013)	Os froitos (2014-2022)
Libros doutras linguas que falan galego	O reto da banda deseñada	A revolución dos Golfiños	As narracións e a aposta por gañar lectoras e lectores
VITRINA 5	VITRINA 7	VITRINA 11	VITRINA 15
<i>O Principiño, Alicia no País das Maravillas, A illa do tesouro, As aventuras de Tintín, Teo, Ásterix o galo, Os anxos cómense crús, Mitos e lendas da vella Grecia</i>	<i>Os fillos de Breogán, Os Centauriños, Jérôme K. Jérôme, Un misterio para Simón</i>	<i>Golfiño, Aldara, Fiz nos biosbardos, A mansión dos Pampín, Marcopola</i>	<i>O bestiario científico de Anxos Nogueirosa, Muriel, Miña querida Sherezade, Mamá: quero ser Ziggy Stardust, Be water, Escarlatina: a cociñeira defunta</i>
Mestras implicadas en dar de ler ao seu alumnado	A Xeración Lamote	A aposta polo álbum ilustrado	A poesía rebelde
VITRINA 6	VITRINA 8	VITRINA 12	VITRINA 16
<i>O buzón dos nenos, O día que choveu de noite, O segredo da Pedra Figueira, Contos prá escola</i>	<i>Das cousas de Ramón Lamote, Cando petan na porta pola noite, O misterio dos fillos de Lúa, Contos por palabras</i>	<i>O coelliño branco, Titiretesa, Os Bolechas, A Cebra Camila, Fiz: o coleccionista de medos, Onde viven os monstros, Onde perdeu Lúa a risa?</i>	<i>Poemar o mar, Caer de cu polo universo, Mar de mazá, Street Poems, Penúltimas tendencias</i>
	A narrativa para mozas e mozos	A literatura dramática tamén se leva aos escenarios	Os libros informativos que volven renovados
	VITRINA 9	VITRINA 13	VITRINA 17
	<i>Proxecto pomba dourada, Anagnórise, A expedición do Pacífico, O enigma de Embivícus, Cartas de inverno.</i>	<i>A noite da raíña Berenguela, Pingueiras e tarteiras, Os sons da buguina, Comedia bífida, O misterio da risa, Boas noites</i>	<i>Sementes viaxeiras, Rosalía de Castro, Sos: Monstros verdadeiros ameazan o planeta, O gran libro das nosas cousas, Todos teríamos que ser feministas, Teño uns pés perfectos, En familia!</i>
	A poesía que bebe da tradición oral	Unha narrativa que segue a innovar	Álbums para todas e todos ou a revolución dos formatos
	VITRINA 10	VITRINA 14	VITRINA 18
	<i>Cando o rei por aquí pasou, Pola rúa dos versos, Fafarraios, Na fogueira dos versos</i>	<i>O único que queda é o amor, Rinocerontes e quimeras, Chamádeme Simbad, Usha, Ás de bolboreta, O libro das viaxes imaxinarias</i>	<i>Hora de bañarse, Un can, A estrambótica volta ao mundo en oitenta días, Balea, Xiqui xoque fiu fiu, O branco non pinta, A lavandeira de San Simón</i>













ANEXO III: Material para a actividade «Banda sonora»

■ Cadro para engadir os datos das cancións elixidas como banda sonora:










ETAPAS E VITRINAS	CANCIÓNS
A Os comezos da LIX en galego (1922-1936) ■ VITRINA 1: Os comezos	
B A escuridade (1936-1960) ■ A escuridade	
C O tronco (1961) ■ VITRINA 2: 'O libro fundamental que vén de América'	
D As pólas (1962-1975) ■ VITRINA 3: 'A poesía que resiste' ■ VITRINA 4: 'Os contos e a teatro que medran'	
E A luz (1975-1985) ■ VITRINA 5: 'Libros doutras linguas que falan galego' ■ VITRINA 6: 'Mestras implicadas en dar libros'	
F O agromar (1985-1997) ■ VITRINA 7: 'O reto da banda deseñada' ■ VITRINA 8: 'A xeración Lamote' ■ VITRINA 9: 'A narrativa para mozas e mozos' ■ VITRINA 10: 'A poesía que bebe da tradición oral'	
G A follaxe (1998-2013) ■ VITRINA 11: 'A revolución dos Golfinhos' ■ VITRINA 12: 'A aposta polo álbum ilustrado' ■ VITRINA 13: 'A lit. dramática lévase aos escenarios' ■ VITRINA 14: 'Unha narrativa que segue a innovar'	
H Os froitos (2014-2022) ■ VITRINA 15: 'As narracións e a aposta por gañar lectoras' ■ VITRINA 16: 'A poesía rebelde' ■ VITRINA 17: 'Os libros informativos volven renovados' ■ VITRINA 18: 'Álbums e a revolución dos formatos'	

ANEXO IV: Material para a actividade «Saber ler»

■ Títulos de obras escritos con emoticonas:



■ Claves para interpretar os títulos de obras escritos con emoticonas:

<p>1</p>  <p><i>O rei avarento</i></p>	<p>2</p>  <p><i>Hora de bañarse</i></p>	<p>3</p>  <p><i>As laranxas máis laranxas de todas as laranxas</i></p>
<p>4</p>  <p><i>Teño uns pes perfectos</i></p>	<p>5</p>  <p>Título falso. Non se corresponde con ningunha obra</p>	<p>6</p>  <p><i>Os soños na gaiola</i></p>
<p>7</p>  <p>Título falso. Non se corresponde con ningunha obra</p>	<p>8</p>  <p><i>Cartas de inverno</i></p>	<p>9</p>  <p><i>O día que choveu de noite</i></p>
<p>10</p>  <p><i>O Principiño</i></p>	<p>11</p>  <p><i>Cando petan na porta pola noite</i></p>	<p>12</p>  <p><i>A illa do tesouro</i></p>

ANEXO V: Material para a actividade «Se as palabras fosen máis caras que o ouro»

■ Cadros para completar coa frase que define cada unha das vitrinas:

A Os comezos da LIX en galego (1922)
VITRINA 1: 'Os comezos'
B A escuridade
C O tronco (1961)
VITRINA 2: 'O libro fundamental que vén de América'
D As pólas (1962-1975)
VITRINA 3: 'A poesía que resiste'
VITRINA 4: 'Os contos e a teatro que medran'
E A luz (1975-1985)
VITRINA 5: 'Libros doutras linguas que falan galego'
VITRINA 6: 'Mestras implicadas en dar libros'

F O agromar (1985-1997)
VITRINA 7: 'O reto da banda deseñada'
VITRINA 8: 'A Xeración Lamote'
VITRINA 9: 'A narrativa para mozas e mozos'
VITRINA 10: 'A poesía que bebe da tradición oral'
G A follaxe (1998-2013)
VITRINA 11: 'A revolución dos Golfiños'
VITRINA 12: 'A aposta polo álbum ilustrado'
VITRINA 13: 'A literatura dramática tamén se leva aos escenarios'
VITRINA 14: 'Unha narrativa que segue a innovar'
H Os froitos (2014-2022)
VITRINA 15: 'As narracións e a aposta por gañar lectoras'
VITRINA 16: 'A poesía rebelde'
VITRINA 17: 'Os libros informativos que volven renovados'
VITRINA 18: 'Álbums para todas ou a revolución dos formatos'

ANEXO V: Material para a actividade «Algo máis que un comezo»

■ Fragmentos dos inicios de libros:

TEXTO 1

Esta é a historia dunha rapaza que brillaba no silencio da noite. A nena era diminuta e a noite pecha e, aínda así, nunca tivo medo da escuridade. Porque onde máis negra é a sombra é onde mellor se ven as estrelas.

Ninguén mellor ca min coñece a historia da nena e as sombras. É certo que podo parecer un ser insignificante, só unha velliña facendo as papas nun camiño de seixiños brancos que cruza o ceo nocturno.

Vesme? Non... non son unha estrela. Estou aquí! Aquí! Non sabes quen son? Son un vagalume, unha vella dos valados, un verme da luz... un LUCECÚ! En realidade UNHA lucecú, pero volvamos á nena... A nena chámase...

TEXTO 2

Houbo unha sacudida e o barco comezou a moverse. Sentín o siseo das caldeiras de vapor que a goleta empregada para saír do porto e chegar a mar aberto onde o vento permitiría navegar a vela. Sentín ou imaxinei, porque o lugar onde me agochaba non deixaba ver nada do que sucedía no exterior e, a duras penas, podía respirar. Era este escondedoiro un gran caixón destinado ás mantas, na parte inferior das liteiras do camarote de Andrés, o meu irmán. Andrés debía compartilo con Claudio Fernández, o outro zoólogo da Expedición, especialista en invertebrados.

TEXTO 3

Ser cociñeiro, cando tes dez anos e moita fame o 85% do tempo, non é nada fácil. Eu trato de seguir as instrucións do libro de cociña con todas as miñas forzas, pero as cousas nunca son tan sinxelas cando te pos mans á obra. Volveume pasar coas madalenas. Despois de bater, engadir os ingredientes e encher os sombreiriños brancos, acabei coas lentes, a camisa e o pelo todo enlarafuzado de crema amarela. Un auténtico noxo! Desta volta ninguén ía librar-me de que mamá me metese directamente na lavadora. Levaba semanas advertíndomo.

—Román, calquera día vas para a lavadora con roupa e todo!
Mamá é guai, pero ás veces enfádase.

TEXTO 4

Fiz non era coma os outros nenos: Fiz era o neno máis medorento do mundo! Cando o seu pai o levou por primeira vez á escola, agarróuselle á perneira do pantalón con tal forza que case llo arrincou diante de todos.

—¡liiii, que... meeedooo...! —chiou como un ratiño.

Pola tarde para que acougase, súa nai levouno de visita ao zoo.

Un mono achegouse para lle pedir cacahuetes. Dun chimpo, Fiz aparecer no colo da nai.

TEXTO 5

Mil cores. Mar irisado,
mar de coral, mar cor de
lúa, mar cor de gran, mar
azulino, mar azafrán, mar
de cobalto, mar verdemar,
mar de violetas...

■ Claves coas correspondencias entre texto e obra:

TEXTO 1: *Rosalía de Castro* de María Lado

TEXTO 2: *A expedición do Pacífico* de Marilar Aleixandre

TEXTO 3: *Escarlalina, a cociñeira defunta* de Leticia Costas


TEXTO 4: *Fiz, o coleccionista de medos* de Fina Casalderrey

TEXTO 5: *Mar de mazá* de Elvira Ribeiro Tobío

ANEXO VI: Material para a actividade «Unha nova cuberta: nadir ou cénit?»

■ Cubertas de publicacións pertencentes a diferentes etapas:

1 | Os comezos da LIX en galego e a escuridade (1922-1960)



2 | O tronco e as pólas (1961-1975)



3 | A luz e o agromar (1975-1997)




4 | A follaxe o os froitos (1998-2022)



ANEXO VI: Material para a actividade «Cociñando un poema»

■ Cuberta da obra *Fafarraios* de Gloria Sánchez:



■ Dez das composicións do poemario que poderían empregarse na actividade:

POEMAS	TEMAS
"Fafarrún"	■ números
"Fafarradous"	■ contaminación e ecoloxía
"Fafarracatro"	■ reinos, castelos e princesas
"Fafarracatorce"	■ princesas e vampiros
"Fafarradezasete"	■ publicidade
"Fafarradezaoito"	■ letras
"Fafarradezanove"	■ piratas
"Fafarravintecatros"	■ compras e cartos
"Fafarravintesete"	■ morte
"Fafarratrinteún"	■ lobos, avoas e contos

ANEXO VII: Material para a actividade «Microteatro rebelde»

■ As obras contidas na vitrina "A poesía rebelde":

Poemar o mar

de Antonio García Teijeiro


Este poemario forma parte dunha triloxía de obras con composicións nas que o mar é o protagonista. Son versos con abundantes metáforas e cun léxico coidado. As ilustracións son de Xan López Domínguez.



Caer de cu polo universo

de Estíbaliz Espinosa

A obra conta a historia dunha astronauta que viaxa por todo o universo. Combina literatura con información, recorrendo á imaxinación e ao humor. Está ilustrado por Lucía Cobo.



Mar de mazá

de Elvira Ribeiro Tobío

Poemario no que o mar volve ter unha presenza constante, compartindo protagonismo nalgúñas composicións cunha nena pirata ou unha nena surfista. As ilustracións son de Begoña G. Arce.



Street Poems

de Fran Alonso


Esta obra sorprende ao lector mesturando a poesía con outras creacións artísticas como son os *graffittis* ou o *rap*. Son poemas onde predomina un ton combativo, inconformista e informal.



Penúltimas tendencias

de Carlos Negro

Poemario escrito en formato semellante ao dun diario. Xoga a darlle voz a unha rapaza adolescente que busca ser ela mesma, libre de imposicións sociais. Unha obra sorprendente e provocadora.



ANEXO VII: Material para a actividade «Microteatro rebelde»

■ Composicións que poderían empregarse na actividade:

Unhas cóxegas ao mar

DANZAR CO MAR
Brincar no MAR
Bicar o MAR
Calar sen MAR
Chegar ao MAR
Voltar do MAR
Amar o MAR
No MAR amar
Amor de MAR
AMAR
e
MAR

Poema o mar

de Antonio García Teijeiro

A constelación de Orión!

Orión era un xigante
e as estrelas que o forman
sonvos ben grandes.
Así que chantei pé dereito
nunha estrela xigante,
unha xigante vermella
—cun aquel de grosella—,
e a puntiña do esquerdo
nunha xigante azul
—dun precioso azul estambul—.
Betelxeuse a vermella,
Rixel a azul.
E no medio as tres Marías,
as estreliñas do leite, as tres guías:
forman o cinto de Orión.

Caer de cu polo universo

de Estíbaliz Espinosa

Tatuaxe

Non quero que me digas para sempre.
Non quero ser nunca tinta imborrable.
Non quero converterme en cicatriz.
Só quero os nosos nomes sobre a area.
Algo que nos una ata a seguinte onda.

Penúltimas tendencias

de Carlos Negro

Catarina e as ondas

Catarina caza ondas
 en táboa lanzal,
 rosada,
 azulina.
 Mar espiral,
 serpe enroscada,
 salgada,
 volta,
 revolta,
 caudal
 colosal.
 Onda galopina,
 redonda,
 vital
 manancial
 de auga cristalina,
 espuma
 nival
 de blonda
 tan fina.
 Salta
 na lomba,
 no alto,
 na cima,
 surfeira xenial,
 asombra
 a danza das ondas
 que fai
 Catarina.

Mar de mazá


de Elvira Ribeira Tobío


**REPTO, gabeo, asusto, trabo con gana
inoculo veneno nos ollos**

Non te achegues a min.
 REPTO iracunda polos muros.
 GABEO ás cegas polas paredes.
 ASUSTO sen remorso persoas incautas.
 TRABO con gana
 a quen se me aproxime.
 INOCULO veneno a quen se atreva
 a mirarme aos ollos.
 E, sobre todo, non intentes nada
 contra min...
 ...porque eu podo ser... ti!
 Alguén me embruxou
 neste corpo maldito
 e, se cadra, eu a mais ti somos
 a mesma persoa
 sen que nin sequera
 o saibas!

Street Poems

de Fran Alonso





Etapa de bacharelato

Na etapa de bacharelato asúmese que o alumnado xa ten certos hábitos de lectura afianzados grazas ao traballo realizado ao longo das etapas educativas anteriores. Deberíase facer certo fincapé na literatura como medio de desenvolvemento persoal e que pode axudar o estudantado á súa mellora no ámbito social. Para esta etapa, dende esta proposta didáctica, óptase por unha serie de actividades onde se traballarán contidos como a análise de textos multimodais ou comentario de textos, mediante o previo traballo das modalidades de lectura guiada e lectura autónoma. A idea vai máis alá da comprensión do texto literario e preténdese a defensa argumentada sobre por que este alumnado debe coñecer, protexer e promover a literatura en lingua galega.

Actualmente, un dos medios de comunicación máis utilizados son as redes sociais, onde calquera estudante pode converterse nun prescriptor de obras literarias en lingua galega. Ligado con isto, algo que se desexa traballar nesta proposta didáctica son as habilidades de expresión oral, escrita e multimodal, en contextos dixitais por medio do teléfono móbil.

Con estas actividades preténdese traballar a educación literaria mediante as valoracións argumentadas sobre diferentes obras, inscribíndoas no seus contextos de produción. Procúrase que o alumnado desenvolva proxectos de investigación, adecuados ao seu nivel, e que estean concretados nunha exposición ou presentación multimodal, fixándose especialmente na implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura das obras escollidas do corpus bibliográfico que conforma esta exposición.

a | Obxectivos específicos para esta etapa

Nas actividades propostas para a etapa de Bacharelato traballaranse especialmente os obxectivos xerais 2, 3, 5, 6, 7 e 8 recollidos no currículo da materia Lingua galega e literatura.

O obxectivo 2 aparece neste documento para traballar a función analítica de cara a textos de diferente natureza. Neste caso tratarase de textos literarios.

Os obxectivos 3 e 5 están intimamente vencellados nesta proposta á produción de textos orais e multimodais, sobre todo nun ámbito dixital. Preténdese fomentar no alumnado unha adecuación e sistematización á hora de comunicar, explicando e argumentando o tema, argumento e transcendencia das obras escollidas dentro desta exposición. Pódese apreciar que nestas actividades trabállase a planificación, produción, ensaio e revisión da mensaxe multimodal.

O obxectivo 6 relaciónase coa competencia mediática e a discriminación de información, seleccionando fontes fiables, complementando datos de diferentes medios e perseguindo a creación propia dun relato a partir dos datos obtidos.

Os obxectivos 7 e 8 teñen coma finalidade o descubrimento, o coñecemento, a selección e a lectura de obras literarias que, a día de hoxe, poden considerarse clásicas na literatura galega. Alén diso, nesta exposición pódense apreciar tamén obras de carácter universal que, por medio da lingua, forman parte da paisaxe literaria en lingua galega. É posible que algunha das obras aquí expostas non sexan coñecidas polo alumnado e preténdese o fomento da curiosidade polo contexto que rodea á creación de cada unha delas. Neste obxectivo é importante o desfrute das obras mais tamén compartir a experiencia lectora. Parécenos relevante sinalar que o feito de partillar experiencias vai intrínseco á principal canle de comunicación do alumnado desta etapa no contexto social galego: as redes sociais. Cada estudante pode ser un prescriptor da literatura galega e en galego.

b | Actividades

Estas actividades están deseñadas para que poidan ser continuadas ou para desenvolver de xeito autónomo. Están distribuídas en tres liñas cos seguintes títulos:

- Facer de Youtubeir@
- Texto literario, cotexto e contexto.
- Xornalista de vellas novidades.

Cada unha destas tres liñas están compostas por tres actividades que poden realizarse de xeito autónomo ou de xeito secuenciado. Coma o resto das actividades propostas neste documento, hai tres pensadas para o previo á visita á exposición, tres para durante a visita e tres para despois da visita.

Actividades previas á exposición

Actividade previa 1

Liña 1 – Facer de Youtubeir@ Previa 1:

Presentación


O obxectivo principal desta actividade consiste en asimilar, procesar e compartir coñecementos sobre unha obra concreta que integra esta exposición.

Recoméndase:

- Facer esta actividade en pequenos grupos (arredor de 5 integrantes).
- Utilizar para a liña destas actividades a metodoloxía de Aprendizaxe Baseado en Proxectos, na cal se fai especial fincapé no produto final obtido ao rematar as tres actividades que compoñen esta liña.

Se se descoñece algún termo técnico referido ao ámbito audiovisual pódese consultar un glosario coma este:

[https://incual.educacion.gob.es/
documents/20195/1873855/IMS294_3_RV+-+A_
GL_Documento+publicado/d3e5f847-03c9-47a0-
b7e8-2973135807d7](https://incual.educacion.gob.es/documents/20195/1873855/IMS294_3_RV+-+A_GL_Documento+publicado/d3e5f847-03c9-47a0-b7e8-2973135807d7)



Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 3 e 5 para o deseño de presentación multimodal.
Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.
Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Planificar unha mensaxe multimodal de tipoloxía explicativa e argumentativa.

Desenvolvemento

1. Examinar o catálogo da exposición e escoller unha obra. Podes consultar aquí (Código QR nº 1) todos os libros expostos na visita virtual.
2. Documentarse sobre o autor/autora e o contido da obra escollida.
3. Documentarse sobre que é un/unha *Booktuber*: en que puntos hai que fixarse, cal é a estrutura do monólogo, como coida a parte visual...
4. Sintetizar o guión que se proporía para filmar un vídeo de 10 minutos máximo.
5. Planificar a gravación tendo en conta o espazo (ou espazos) onde vai ser filmado, o guión, o tempo e os materiais de que se dispón, e as tarefas asignadas dentro do grupo de traballo.
6. Debuxar un guión gráfico ou *Storyboard* do que se pensa filmar chegando o momento. Podes obter ideas aquí (ou no código QR 2):

<http://recursostic.educacion.es/artes/plastic/web/cms/index.php?id=3546>

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso


En función do coñecemento do alumnado en competencias de linguaxe audiovisual regularase a intervención do profesorado.

Material que se ofrece

- Catálogo da exposición.
- Glosario de termos audiovisuais.
- Recursos sobre cultura audiovisual.



(Código QR nº 1)



(Código QR nº 2)

Actividade previa 2

Texto literario, cotexto e contexto

Presentación

O obxectivo principal da presente actividade consiste en apreciar a importancia do cotexto e do contexto dun texto literario mediante a análise de texto.

Para esta actividade deberase escoller un texto, só o texto, extraído dunha banda deseñada.

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 2 para a análise de textos.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Traballar os principios metodolóxicos da análise de textos literarios.

Desenvolvemento

Na sección da exposición "A follaxe: a banda deseñada e a revolución dos golfinos" están obras como a revista *Golfinho*, *Os barbanzóns* (2004) de Pepe Carreiro, *Marcopola, a illa remeira* (2012) de Jacobo Fernández Serrano ou *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado.

Cada alumno debe escoller un texto e, coa axuda do persoal docente, realizar un comentario do texto literario escollido.

Estes comentarios serán postos en común na clase para ver os acertos en dito proceso.

Reservarase o comentario realizado como recurso para unha futura actividade.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

O persoal docente, por suposto, é libre para engadir máis textos da mesma natureza.

Material que se ofrece

■ Información sobre a revista *Golfinho*:

https://www.tebeosfera.com/colecciones/golfinho_2002_lvdg.html

■ Recurso do Consello da Cultura Galega sobre banda deseñada:

<http://culturagalega.gal/bd/index.php>

Actividade previa 3

Xornalista de vellas novidades

Presentación

No caso de moitas literaturas o contexto sociohistórico determina moitos parámetros, como pode ser que certos libros se teñan que editar en lugares diferentes aos esperados. Algunhas preguntas que nos podemos formular son: Toda a literatura en galego se editou en Galicia? Que motivos poden ter as persoas creadoras de literatura para escoller diferentes estados para publicar a súa obra?

O que se pretende con esta actividade é que o alumnado sexa quen de comprender o contexto histórico dunha obra literaria.

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 3 e 5 para o deseño de presentación multimodal.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección, lectura e promoción da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Coñecer o contexto sociohistórico dunha obra de literatura en galego publicada antes de 1975 para comprender o valor e as implicacións de dita obra.

Desenvolvemento

- Escoller unha obra literaria da exposición que fose publicada antes de 1975.
- Detectar o lugar de publicación.
- Detectar o ano de publicación.
- Coñecer o contexto histórico dese ano a nivel mundial, a nivel do país e a nivel do lugar onde se publicou dita obra sinalando os principais fitos e outras obras que se editaron ese mesmo ano.
- Realizar un inventario de elementos propios desa época no lugar de publicación da obra: que roupa se levaba? Que tipo de automóbiles había? Que comercios había? Que obxectos portaban os cidadáns da época?

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

O profesorado pode regular a súa intervención á hora de que o alumnado recompila información.

Material que se ofrece

- Recursos sobre a emigración galega:

<http://consellodacultura.gal/libros-tematica.php?tem=397>

Actividades durante a exposición

Actividade durante 1 Liña 1 – Facer de Youtubeir@ II

Presentación

O obxectivo principal desta actividade consiste en asimilar, procesar e compartir coñecementos sobre unha obra concreta que integra esta exposición.

Esta actividade está pensada como continuación da anterior denominada “Facer de Youtubeir@ I”.

Nesta actividade é importante ter en conta que o alumnado tomará fotografías e vídeos, e iso implica unha preparación do material e do traballo a realizar in situ.

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 3 e 5 para o deseño de presentación multimodal.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Traballar a comunicación audiovisual e a linguaxe creada para gravar con dispositivo móbil.

Coñecer nocións mínimas de comunicación en lingua galega para as redes sociais.

Desenvolvemento

1. Preparar o material necesario antes da viaxe ao espazo expositivo: dispositivos de gravación/dispositivos móbiles.
2. Ter preparado e revisado un guión e un plan de traballo.
3. Localizar na exposición a obra escollida previamente.
4. Localizar outros puntos potencialmente útiles dentro do espazo expositivo.
5. Preparar o lugar onde se van realizar as tomas (coidar a luz, o encadramento, a composición...)
6. Facer a filmación/as filmacións no espazo expositivo.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

En función do coñecemento do alumnado en competencias de linguaxe audiovisual regularase a intervención do profesorado.

Material necesario

- Dispositivo de gravación (preferiblemente, teléfono móbil)
- Dispositivo de emisión de luz (lanternas do teléfono móbil poden servir)

Actividade durante 2

Texto literario, cotexto e contexto II

Presentación

Esta actividade está pensada como continuación da anterior denominada "Texto literario, cotexto e contexto" (actividade previa 2).

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 2 para a análise de textos.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Recoñecer os diferentes elementos dos que se compón un texto multimodal.

Desenvolvemento

Na sección da exposición "A follaxe: a banda deseñada e a revolución dos golfinhos" están obras coma a revista *Golfinho*, *Os barbanzóns* (2004) de Pepe Carreiro, *Marcopola, a illa remeira* (2012) de Jacobo Fernández Serrano ou *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado. Cada alumno debe localizar o texto escollido e analizado na actividade "Texto literario, cotexto e contexto I".

1 | Anotar os seguintes datos:

- Autor/autora
- Ano de edición
- Lugar de edición
- Editorial
- Xénero literario

2 | Realizar a seguinte acción:

Tomar unha fotografía do contexto onde se atopa o texto. Estas imaxes serán utilizadas para un traballo posterior de análise.

3 | Revisar no recurso

<http://www.culturagalega.org/bd/publicacions.php>

a seguinte información:

- Cantos autores e cantas autoras de banda deseñada hai editando obras en galego?
- Cantas editoriais editan banda deseñada en galego?
- Hai tendas de banda deseñada na túa vila? Cantas hai?

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

O profesorado poderá regular os contidos en función do grao de interese que ofrece a banda deseñada no alumnado.

Material que se ofrece

<http://www.culturagalega.org/bd/publicacions.php>

Actividade durante 3 Xornalista de vellas novidades II

Presentación

O que se pretende nesta actividade é axudar a complementar o contexto sociohistórico dunha obra literaria. Para isto, o alumnado visitará a exposición vendo a evolución dos libros editados, sobre todo, antes de 1975. Así mesmo, realizaranse filmacións con dispositivos móbiles para crear un relato sobre os procesos que tivo que pasar o texto antes de converterse en libro de ficción.

Debemos ter en conta que esta actividade se desenvolve nunha biblioteca moi particular, a Biblioteca de Galicia, onde se almacenan unha cantidade importante de títulos e moitos cunha historia detrás. Coñecer esta intrahistoria dos libros danos unha visión moito máis ampla para comprender o significado dun texto literario. Nesta actividade invitamos a afondar nas historias que rodean os libros.

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 3 e 5 para o deseño de presentación multimodal.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección, lectura e promoción da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Investigar sobre as historias que rodean ás obras literarias.

Saber realizar unha contextualización histórica para crear un relato audiovisual.

Desenvolvemento

- 1 | Preparar o material necesario antes da viaxe ao espazo expositivo: dispositivos de gravación/dispositivos móbiles.
- 2 | Localizar na exposición a obra escollida previamente.
- 3 | Localizar outros puntos potencialmente útiles dentro do espazo expositivo.
- 4 | Preparar o lugar onde se van realizar as tomas (coidar a luz, o encadramento, a composición...).
- 5 | Preparar o vestiario e aderezos para a filmación.
- 6 | Facer a filmación/as filmacións no espazo expositivo.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

O persoal docente debe adaptar o grao de intervención en función da busca de recursos dentro do propio espazo expositivo.

Material necesario

- Vestiario, aderezo e maquillaxe.
- Dispositivo de gravación (preferiblemente, teléfono móbil).
- (Opcional) uso de filtros para conseguir unha estética de filme antigo.
- Dispositivo de emisión de luz (as lanternas do teléfono móbil poden servir).

Actividades posteriores á exposición

Actividade posterior 1

Actividade Liña 1 – Facer de Youtubeir@ III

Presentación

Esta actividade está pensada como continuación das anteriores denominadas “Facer de Youtubeir@ I e II”. Procúrase que o alumnado traballe dun xeito supervisado o discurso dixital en redes sociais, usando estratexias comunicativas inseridas no currículo da materia Lingua galega e literatura. Por unha banda, perséguese dotar ao alumnado duns mínimos contidos e técnicas para desenvolver una competencia comunicativa nun contexto dixital como é o das redes sociais. Por este motivo, un dos obxectivos principais desta actividade consiste en procesar e compartir coñecementos sobre unha obra concreta integrada nesta exposición.

Nesta actividade é importante ter en conta que o alumnado traballará eminentemente nun contexto dixital e mediante dispositivos móbiles.

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 3 e 5 para o deseño de presentación multimodal.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre o uso de software para a edición de vídeos e uso de redes sociais.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Publicar e controlar unha mensaxe audiovisual de tipoloxía explicativa e argumentativa nunha rede social.

Desenvolvemento

1. Realízase un aprovisionamento de todo o material audiovisual que se ten sobre unha obra literaria escollida de entre as posibilidades que se atopan dentro desta exposición.
2. Unha vez revisado o material total de vídeo, procederase á escolla do mesmo para saber cal será utilizado e cal será descartado.
3. Unha vez seleccionado o material, realizarase a montaxe do mesmo. Isto implica que se cortarán-pegarán os fragmentos desexados establecendo unha sintaxe audiovisual para crear un discurso fílmico coherente, cohesionado e adecuado para o que se pretende transmitir.
4. Unha vez montado o material, procederase á edición, axustando os valores do contido, dende o brillo, contraste ou saturación ata a posible utilización de filtros ou elementos coma grafismos, rótulos, abas, indicadores...
5. Abrir unha conta nunha rede social de intercambio de vídeos: Youtube, Tik Tok, Instagram...
6. Crear un perfil coherente coa mensaxe que se pretende dar.
7. Seguir aos compañeiros e ás compañeiras que participaron nesta actividade e que fixeron un perfil nunha rede social para subir os seus contidos audiovisuais.
8. Subir á rede social o vídeo final.
9. Seguir e comentar de xeito construtivo o traballo doutras compañeiras e compañeiros.
10. Xestionar os comentarios recibidos no noso perfil.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

En función da competencia do alumnado editando vídeos pódese traballar en menor ou maior complexidade a cantidade de elementos que pode levar o vídeo.

Se os vídeos quedan moi longos pódense estruturar noutros máis pequenos e subilos á rede social dun xeito periódico.

Material que se ofrece

■ Recursos para a edición de vídeo:

https://intef.es/categorias_observatorio/edicion-de-video/
<https://formacion.intef.es/mod/book/tool/print/index.php?id=51735>
<https://formacion.intef.es/mod/book/view.php?id=51735>

Actividade posterior 2

Texto literario, cotexto e contexto III

Presentación

Esta actividade está pensada como continuación da anterior denominada “Texto literario, cotexto e contexto II”.

A banda deseñada dispón dun discurso moi variado, non só en termos literarios de relato, senón en parámetros relacionados coas artes plásticas coma o deseño e o debuxo. Todos estes parámetros comportan un conxunto de modos de significado para seren analizados e así obter unha maior eficiencia á hora de decodificar a mensaxe. Ese conxunto de modos, esa multimodalidade, é unha liña teórica derivada da semiótica que nos axuda a extraer significados a partir de unir coñecementos de diferente natureza. O que se pretende acadar nesta actividade é unha aproximación sistemática á análise multimodal dun produto literario, concretamente dun fragmento de banda deseñada.

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 2 para a análise de textos multimodais.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre a obra ou obras escollidas.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Ter un acercamento sistemático para a análise multimodal dun obxecto.

Desenvolvemento

Para desenvolver unha análise multimodal podemos seguir a seguinte metodoloxía:

1. Seleccionamos o obxecto a analizar. Para isto pódense recuperar os textos tratados na actividade “Texto literario, cotexto e contexto” ou ben seleccionar fragmentos de:

■ Revista *Golfinho*.

■ *Os barbanzóns* (2004), de Pepe Carreiro.

■ *Marcopola, a illa remeira* (2012), de Jacobo Fernández Serrano.

■ *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado.

2. Marcar o contexto do fragmento de banda deseñada onde está o texto escollido, por exemplo a páxina.
3. Definir os modos e os descritores. Aquí o que debemos facer é escoller unha serie de parámetros que son indispensables para comprender a información contida no obxecto a analizar, por exemplo: o tamaño da páxina, a composición da páxina, as cores, a tipografía, as figuras, as formas, as accións que se están a desenvolver... (podemos engadir máis parámetros, todos os que consideremos oportunos). Facemos unha folla de cálculo ou grella, ben nun papel ou ben nun computador. En cada cela dunha columna inicial, anotamos cada parámetro ou modo, un debaixo do outro.
4. Segmentar a páxina de banda deseñada en unidades mínimas. Neste caso, a unidade mínima sería a viñeta. De cantas viñetas se compón esta páxina?
5. Completar a información de cada cela correspondente a cada parámetro ou modo.
6. Sistematizar e analizar os datos obtidos.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

Podemos incrementar a cantidade de modos e a natureza dos mesmos en función das competencias que vaia demostrando o alumnado para detectar ditos modos nun texto multimodal.

Ademais das bandas deseñadas presentes nesta exposición, o profesorado pode achegar a cantidade e variedade que coide oportunas.

Material que se ofrece

<http://www.culturagalega.org/bd/publicacions.php>

Actividade posterior 3

Xornalista de vellas novidades

Presentación

Esta actividade está pensada coma continuación da anterior denominada "Xornalista de vellas novidades I e II.

Procúrase que o alumnado traballe dun xeito supervisado o discurso dixital en redes sociais, usando estratexias comunicativas inseridas no currículo da materia Lingua galega e literatura. Por unha banda, perséguese dotar o alumnado duns mínimos contidos e técnicas para desenvolver unha competencia comunicativa nun contexto dixital como é o das redes sociais. Por este motivo, un dos obxectivos principais desta actividade consiste en procesar e compartir coñecementos sobre unha obra concreta integrada nesta exposición.

A estas destrezas súmase a complexidade de crear un discurso coherente co contexto histórico e social relacionado co ano e lugar de publicación da obra escollida e editada antes de 1975.

Nesta actividade é importante ter en conta que o alumnado precisará de TIC (no que se refire a hardware, precisárase de computador ou dispositivo móbil, no que se refire a software precisárase dalgún programa de edición de vídeo).

Obxectivos

■ Obxectivos curriculares

Obxectivo xeral 3 e 5 para o deseño de presentación multimodal.

Obxectivo xeral 6 para a documentación sobre o uso de software para a edición de vídeos e uso de redes sociais.

Obxectivo xeral 7 e 8 para a selección e lectura da obra ou obras escollidas.

■ Obxectivos específicos

Publicar e controlar unha mensaxe audiovisual de tipoloxía explicativa e argumentativa nunha rede social.

Desenvolvemento

1. Realízase un aprovisionamento de todo o material audiovisual que se ten sobre unha obra literaria escollida e publicada antes de 1975 de entre as posibilidades que se atopan dentro desta exposición.
2. Unha vez revisado o material total de vídeo, procederase á escolla do mesmo para saber cal será utilizado e cal será descartado.
3. Unha vez seleccionado o material, realizarase a montaxe. Isto implica que se cortarán-pegarán os fragmentos desexados establecendo unha sintaxe audiovisual para crear un discurso fílmico coherente, cohesionado e adecuado para o que se pretende transmitir.
4. Unha vez montado o material, procederase á súa edición, axustando os valores do contido, dende o brillo, contraste ou saturación ata a posible utilización de filtros para acadar unha estética de vídeo apropiada ao ano ao que se quere aludir.
5. Abrir unha conta nunha rede social de intercambio de vídeos: Youtube, Tik Tok, Instagram...
6. Crear un perfil coherente coa mensaxe que se pretende dar.
7. Seguir aos compañeiros e ás compañeiras que participaron nesta actividade e que fixeron un perfil nunha rede social para subir os seus contidos audiovisuais.
8. Subir á rede social o vídeo ou vídeos realizados.
9. Seguir e comentar de xeito construtivo o traballo doutras compañeiras e compañeiros.
10. Xestionar os comentarios recibidos no noso perfil.

Posibilidade de axustar o grao de dificultade ao curso

En función da competencia do alumnado editando vídeos pódese traballar en menor ou maior complexidade a cantidade de elementos que pode levar o vídeo.

Se os vídeos quedan moi longos pódense estruturar noutros máis pequenos e subilos á rede social dun xeito periódico.

Material que se ofrece

■ Recursos para a edición de vídeo:

https://intef.es/categorias_observatorio/edicion-de-video/

<https://formacion.intef.es/mod/book/tool/print/index.php?id=51735>

<https://formacion.intef.es/mod/book/view.php?id=51735>

